

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**11605** *Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios.*

O Parlamento Europeo e o Consello adoptaron o 21 de outubro de 2009 dous actos lexislativos que modifican profundamente a normativa antes vixente en materia de comercialización e utilización de produtos fitosanitarios, incorporando os postulados da estratexia para o uso sustentable de praguicidas e atendendo ao establecido no VI Programa comunitario de acción ambiental. Estes actos son o Regulamento (CE) nº 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, relativo á comercialización de produtos fitosanitarios e polo que se derrogan as directivas 79/117/CEE e 91/414/CEE do Consello, e a Directiva 2009/128/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, pola que se establece o marco da actuación comunitaria para conseguir un uso sustentable dos praguicidas.

Por outra banda, a Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, estableceu a base xurídica en materias de comercialización e utilización de produtos fitosanitarios, así como nas relativas á racionalización e sustentabilidade do seu uso, que non tiveron desenvolvemento normativo en previsión de diverxencias coa normativa comunitaria pendente de xurdir en aplicación da estratexia sobre o uso sustentable de praguicidas.

Así mesmo, o control ou loita integrada contra as pragas, que foi o referente do uso racional de produtos fitosanitarios e da sustentabilidade na súa utilización, non está definido, regulado e fomentado con carácter xeral como desenvolvemento normativo da Lei 43/2002, senón como un sistema voluntario establecido polo Real decreto 1201/2002, do 20 de novembro, polo que se regula a produción integrada de produtos agrícolas.

A Directiva 2009/128/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, contén as disposicións básicas relativas á racionalización do seu uso para reducir os riscos e efectos do uso dos praguicidas na saúde humana e no ambiente, e ao plan de acción nacional requirido para a súa consecución, que é necesario incorporar ao ordenamento xurídico interno. Xa foi publicado o Real decreto 1702/2011, do 18 de novembro, de inspeccións periódicas dos equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios, que traspón ao ordenamento xurídico o artigo 8 e o anexo II da citada directiva.

O ámbito de aplicación da nova normativa comunitaria e a amplitude do termo «produto fitosanitario», definido no Regulamento (CE) nº 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, determinan que afecte tanto os produtos utilizados nas actividades agrarias coma os utilizados noutros ámbitos.

Mediante o Regulamento (CE) nº 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, derróganse as directivas 79/117/CEE e 91/414/CEE do Consello, que anteriormente regulaban a comercialización dos produtos fitosanitarios. En consecuencia, tamén quedan derrogadas as disposicións nacionais adoptadas para a transposición dos preceptos das ditas directivas e isto fai necesario que o presente real decreto inclúa disposicións relativas ao cumprimento de requisitos establecidos polo dito regulamento, no seu artigo 67, que afectan os comerciantes e usuarios de produtos fitosanitarios.

Polo tanto, mediante o presente real decreto establécense as disposicións necesarias para levar dos rexistros de utilización de produtos fitosanitarios e, así mesmo, para a adecuación, mellora e simplificación de rexistros xa existentes, como o de establecementos e servizos praguicidas e o libro oficial de movemento de praguicidas perigosos, instrumentos de apoio imprescindibles para aplicar as políticas de consecución da sustentabilidade e do control oficial na utilización de produtos fitosanitarios que se

establecen na mencionada Directiva 2009/128/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, sen os cales non se podería dar cumprimento, así mesmo, aos mandatos que nela se conteñen, en especial no seu artigo 6, e cuxa continuidade prevé a Lei 43/2002, do 20 de novembro, nos seus artigos 40.5.a) e 41.2, facéndoa extensiva a todos os operadores.

Atendendo a iso regúlase o Rexistro Oficial de Produtores e Operadores Fitosanitarios, sobre a base do anterior Rexistro de Establecementos e Servizos Praguicidas, creado pola Regulamentación técnico-sanitaria aprobada polo Real decreto 3349/1983, do 30 de novembro, do cal xa se segregou o Rexistro de Establecementos e Servizos Biocidas, creado polo Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regulan o rexistro, autorización e comercialización de biocidas. O actual Rexistro de Establecementos e Servizos Praguicidas é suprimido pola disposición derogatoria do presente real decreto, e os datos existentes nel intégranse no citado rexistro oficial.

O presente real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup>, 16.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de, respectivamente, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, bases e coordinación xeral da sanidade e lexislación básica sobre protección do ambiente.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Mediante a presente disposición procédese ao desenvolvemento normativo da referida Lei 43/2002, do 20 de novembro, e trasponse o resto da Directiva 2009/128/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009.

Este real decreto dítase en virtude do disposto na disposición derradeira segunda da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de setembro de 2012,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto:

a) O establecemento do marco de acción para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios mediante a redución dos riscos e os efectos do uso dos produtos fitosanitarios na saúde humana e no ambiente, e o fomento da xestión integrada de pragas e de propostas ou técnicas alternativas, tales como os métodos non químicos.

b) A aplicación e o desenvolvemento regulamentario de certos preceptos relativos á comercialización, á utilización e ao uso racional e sustentable dos produtos fitosanitarios, establecidos pola Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, en diante, a Lei.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O presente real decreto aplicarase a todas as actividades fitosanitarias, tanto no ámbito agrario coma en ámbitos profesionais distintos a este. Para os efectos deste real decreto os ámbitos agrarios comprenden a produción primaria agrícola e forestal, incluídos os pastos e os ermos. Aos usos non profesionais seralles de aplicación

exclusivamente o establecido para eses usos nos capítulos I, II, V, XI e XII deste real decreto.

2. As disposicións establecidas polo presente real decreto aplicaranse sen prexuízo das normas vixentes que afecten a autorización, comercialización, manipulación e uso dos produtos fitosanitarios, en particular o Regulamento (CE) nº 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, relativo á comercialización de produtos fitosanitarios, en diante, o Regulamento.

3. As disposicións do presente real decreto entenderanse sen prexuízo de que a Administración competente en cada caso poida aplicar o principio de cautela limitando ou prohibindo o uso de produtos fitosanitarios en zonas ou circunstancias específicas.

### Artigo 3. *Definicións.*

Ademais das definicións establecidas no artigo 2 da Lei e no artigo 3 do Regulamento, para os efectos previstos polo presente real decreto serán de aplicación as seguintes:

a) Usuario profesional: calquera persoa que use produtos fitosanitarios no exercicio da súa actividade profesional, incluídos os operadores, técnicos, empresarios ou traballadores autónomos, tanto no sector agrario coma noutros sectores.

b) Distribuidor: calquera persoa física ou xurídica que comercialice produtos fitosanitarios, incluídos grosistas, retallistas, vendedores e provedores.

c) Asesor: calquera persoa que adquirise uns coñecementos adecuados e asesore sobre a xestión de pragas e o uso seguro dos produtos fitosanitarios a título profesional ou como parte dun servizo comercial, incluídos os servizos autónomos privados e de asesoramento públicos, operadores comerciais, produtores de alimentos e retallistas, se é o caso. Para os efectos deste real decreto, o asesoramento na venda de produtos fitosanitarios non require a formación dos asesores regulados no capítulo III, senón só a de usuarios profesionais cualificados.

d) Equipamento de aplicación: calquera máquina destinada especificamente á aplicación de produtos fitosanitarios, incluídos os elementos e dispositivos que sexan fundamentais para o seu correcto funcionamento.

e) Aplicación aérea: a aplicación de produtos fitosanitarios desde unha aeronave, ben sexa un avión, un helicóptero ou calquera outro medio aéreo que puiden xurdir polos avances científicos ou tecnolóxicos.

f) Xestión integrada de pragas: o exame coidadoso de todos os métodos de protección vexetal dispoñibles e posterior integración de medidas adecuadas para evitar o desenvolvemento de poboacións de organismos nocivos e manter o uso de produtos fitosanitarios e outras formas de intervención en niveis que estean económica e ecoloxicamente xustificadas e que reduzan ou minimicen os riscos para a saúde humana e o ambiente. A xestión integrada de pragas pon énfase en conseguir o desenvolvemento de cultivos sans coa mínima alteración posible dos agroecosistemas e na promoción dos mecanismos naturais de control de pragas.

g) Indicador de risco: o resultado obtido cun método de cálculo que se utiliza para avaliar os riscos dos produtos fitosanitarios para a saúde humana ou o ambiente.

h) Métodos non químicos: métodos alternativos aos produtos fitosanitarios de natureza química para a protección fitosanitaria e a xestión de pragas, baseados en técnicas agronómicas como as mencionadas no anexo I, punto 1, ou métodos físicos, mecánicos, biotécnicos ou biolóxicos de control de pragas.

i) Augas superficiais e augas subterráneas: as definidas como tales polo artigo 40 bis do texto refundido da Lei de augas, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

j) Produtos fitosanitarios: os definidos como tales no artigo 2 do Regulamento (CE) nº 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, relativo á comercialización de produtos fitosanitarios.

#### Artigo 4. *Administracións competentes e órgano colexiado.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente é o órgano nacional competente designado para a coordinación das accións que regula este real decreto e o punto focal de información sobre esta materia, sen prexuízo daqueles aspectos relacionados coa saúde humana que corresponden ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, que establecerá a coordinación coas autoridades sanitarias das comunidades autónomas a través da Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

2. Para os efectos da necesaria coordinación co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente do cumprimento das disposicións do presente real decreto e da planificación e execución das accións e acordos que se adopten de conformidade con este, cada comunidade autónoma e Administración local, neste caso para os efectos dos artigos 49.7 e 52, designará un órgano, en diante, órgano designado, que actuará como punto focal no seu ámbito territorial, sen prexuízo das competencias que poidan ter os distintos órganos da comunidade autónoma ou administracións locais en relación coas disposicións deste real decreto.

3. No prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor do presente real decreto, cada comunidade autónoma e Administración local notificaralle ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente o seu órgano designado. Calquera cambio deste órgano comunicarse de forma inmediata ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

As entidades locais poderán realizar a citada notificación directamente, a través da comunidade autónoma correspondente ou a través da Federación Española de Municipios e Provincias.

Para os efectos previstos no presente real decreto, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente estará asistido polo Comité Fitosanitario Nacional, creado polo artigo 4 do Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación ou control de organismos nocivos dos vexetais aínda non establecidos no territorio nacional, en diante, o Comité.

## CAPÍTULO II

### Plan de acción nacional

#### Artigo 5. *Bases do Plan de acción nacional.*

1. O obxectivo xeral do Plan de acción nacional para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios (en diante, PAN) é reducir os riscos e os efectos da utilización de produtos fitosanitarios na saúde humana e no ambiente, e fomentar o desenvolvemento e a introdución da xestión integrada de pragas e de propostas ou técnicas alternativas co obxecto de reducir a dependencia do uso de produtos fitosanitarios.

2. O PAN establecerá os obxectivos cuantitativos, metas, medidas e calendarios necesarios para alcanzar o obxectivo xeral. Os obxectivos poderán comprender diferentes ámbitos de interese, por exemplo a protección dos traballadores, a protección do público en xeral ou de grupos vulnerables, a protección do ambiente, os residuos, o desenvolvemento, o uso e promoción de técnicas específicas ou a utilización en cultivos específicos ou noutros ámbitos de interese.

3. O PAN terá carácter integral co fin de obter efectos e resultados representativos da actividade fitosanitaria global e de asegurar a aplicación simultánea de todas as medidas e criterios de sustentabilidade. Na súa elaboración, revisión e modificación teranse en conta tamén os efectos sociais e económicos das medidas que se inclúan.

4. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente coordinará a elaboración do PAN de acordo co Comité, coas comunidades autónomas e con outros departamentos da Administración xeral do Estado que no exercicio das súas competencias asuman parte do plan.

5. O PAN aplicarase durante un período plurianual, como mínimo de 5 anos, co fin de dispor de datos comparativos que permitan avaliar a eficacia das actuacións.

6. O PAN adoptarase tendo en conta todos os grupos interesados pertinentes, e en particular as organizacións que representan os usuarios profesionais dos produtos fitosanitarios.

7. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, logo de acordo da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, adoptará antes do 26 de novembro de 2012 un PAN. A adopción requirirá informe previo dos outros departamentos da Administración xeral do Estado que no exercicio das súas competencias asuman parte do plan.

Artigo 6. *Contido do Plan de acción nacional.*

1. O PAN recollerá, cos respectivos calendarios de realización, cando proceda, os seguintes elementos:

a) As medidas recollidas nos capítulos III a XI deste real decreto, así como as establecidas no Real decreto 1702/2011, do 18 de novembro, de inspeccións periódicas dos equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios.

b) As medidas establecidas para o fomento das orientacións específicas por cultivos ou sectores da xestión integrada de pragas, e en particular as medidas de fomento dos sistemas de produción recollidos no artigo 10.2.

c) As medidas establecidas para garantir a dispoñibilidade suficiente de sistemas e medios para o seguimento e a predición das pragas e para a subministración da información necesaria aos asesores e usuarios profesionais, así como para medir a evolución do estado fitosanitario dos cultivos e o efecto que supón a detección de novos organismos nocivos. Tamén se incluírán as medidas para fomentar a incorporación de asesores ao sector produtor.

d) As medidas con respecto ao uso dos produtos fitosanitarios establecidas nos plans ou instrumentos de xestión das zonas protexidas con base na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e no Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

e) As medidas con respecto ao uso dos produtos fitosanitarios establecidas nas zonas protexidas con base no Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado mediante o Real decreto 907/2007, do 6 de xullo.

f) As medidas no campo da investigación e desenvolvemento encamiñadas a pór a punto ferramentas que permitan avanzar cara a un uso sustentable dos produtos fitosanitarios, así como as accións encamiñadas á transferencia desas ferramentas aos usuarios profesionais dos produtos fitosanitarios.

g) As medidas establecidas en materia de xestión de envases e residuos de produtos fitosanitarios.

h) As medidas establecidas no marco das liñas de axuda á maquinaria agrícola, e en especial as que promovan a renovación dos equipamentos de tratamento ou a súa adaptación ás exixencias derivadas da aplicación das políticas de sustentabilidade no uso de produtos fitosanitarios.

i) As medidas establecidas no marco da condicionalidade das axudas da política agrícola común que teñan relación co ámbito deste real decreto.

j) As medidas específicas sobre a utilización de produtos fitosanitarios en ámbitos distintos da produción primaria agrícola, incluíndo as que afecten zonas destinadas ao uso público en xeral.

k) As medidas establecidas para a recollida de información sobre envelenamento agudo con produtos fitosanitarios, así como historiais de envelenamentos crónicos dispoñibles, entre os grupos que poidan estar expostos regularmente a este tipo de produtos, como os operadores, os traballadores agrícolas ou as persoas que residan preto das zonas onde se utilizan produtos fitosanitarios.

l) As medidas establecidas para evitar o uso de produtos fitosanitarios ilegais, así como para a recollida de información ao respecto. Tamén se incluírán as medidas establecidas para a recollida de información relativas á morte de animais que se poida relacionar co uso ilegal de produtos fitosanitarios.

m) Os controis correspondentes, e en especial os desenvolvidos no marco dos plans de vixilancia de comercialización e utilización de produtos fitosanitarios.

n) As medidas que permitan identificar as tendencias de utilización dos produtos fitosanitarios que conteñan substancias activas especialmente preocupantes, en particular cando se dispoña doutras alternativas.

o) Calquera outra medida distinta das anteriores que se determine necesaria para alcanzar os obxectivos do PAN, especialmente as que teñan por obxecto a redución do risco e dos efectos da utilización de produtos fitosanitarios para a saúde humana e a protección dos traballadores.

2. O PAN incluírá tamén a información relativa aos órganos designados e demais órganos competentes, ao sistema de xestión e de coordinación entre elas, e aos instrumentos de apoio existentes e os medios destinados á súa realización.

#### Artigo 7. *Informes anuais.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente elaborará, con carácter anual, un informe dos resultados da aplicación do PAN durante o ano anterior, incluíndo unha avaliación destes en relación co cumprimento dos obxectivos. No informe fará referencia, cando sexa pertinente, á necesidade de introducir modificacións parciais do PAN, segundo o establecido no artigo 5.7.

2. Os órganos designados de acordo co artigo 4, e os demais órganos competentes da Administración xeral do Estado implicados, enviarán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, dentro dos tres primeiros meses do ano seguinte ao que se refire o informe, a información necesaria para a súa elaboración. Esta información incluírá, como mínimo, a relativa ás medidas recollidas no artigo 6 que sexan da súa competencia.

3. Para a avaliación de resultados:

a) Calcularanse os indicadores de risco pertinentes seleccionados no PAN para as distintas actuacións, particularmente os indicadores harmonizados de risco establecidos no artigo 15.1 da Directiva 2009/128/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, en función da norma comunitaria que integre o contido do seu anexo IV, e os relativos ás substancias a que se refire a letra b).

b) Identificaranse as tendencias na utilización de produtos fitosanitarios que teñan substancias activas especialmente preocupantes para o seguimento da redución do seu uso, en particular cando sexa a forma adecuada de alcanzar os obxectivos de redución do risco. Prestarase especial atención aos produtos fitosanitarios que conteñan substancias activas autorizadas de conformidade co Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, que, cando sexan examinadas para renovar a autorización conforme o Regulamento (CE) nº 1107/2009, non reúnan os criterios pertinentes para a autorización establecida no anexo II, puntos 3.6 a 3.8, do citado regulamento.

c) Identificaranse os elementos prioritarios, tales como substancias activas, cultivos, rexións ou prácticas, que necesiten atención particular, así como as boas prácticas e técnicas cuxa aplicación poida contribuír a alcanzar os obxectivos do PAN. Valorarase, pola súa vez, o estado operativo do parque de equipamentos de tratamentos fitosanitarios sobre a base dos resultados das inspeccións periódicas establecidas polo Real decreto 1702/2011, do 18 de novembro.

Artigo 8. *Revisións do Plan de acción nacional.*

Procederáse á revisión do PAN, polo mesmo procedemento que o da súa aprobación, sempre que se modifique a normativa vixente sobre a materia ou que se advirta unha desviación significativa sobre os obxectivos previstos, e en particular para ter en conta os efectos sanitarios, económicos ou ambientais que estean a ocasionar a aplicación das súas medidas, e, en todo caso, polo menos cada cinco anos.

Artigo 9. *Información sobre o Plan de acción nacional.*

1. Na preparación do PAN ou das súas modificacións substanciais aplicaranse as disposicións relativas á participación do público establecidas na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

2. O PAN remitirase á Comisión da Unión Europea e aos demais Estados membros nos prazos establecidos pola normativa comunitaria, e os seus resultados transmitiránse conforme as directrices que se adopten ao respecto. Así mesmo remitiránse, se é o caso, as revisións que se produzan.

3. O PAN actualizado e os informes anuais de resultados publicaranse na sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

### CAPÍTULO III

#### Xestión integrada de pragas

Artigo 10. *Xestión de pragas.*

1. A xestión das pragas dos vexetais en ámbitos profesionais realizarase mediante a aplicación de prácticas con baixo consumo de produtos fitosanitarios, dando prioridade, cando sexa posible, aos métodos non químicos, de maneira que os asesores e usuarios opten polas prácticas e os produtos con menores riscos para a saúde humana e o ambiente, de entre todos os dispoñibles para tratar unha mesma praga. Todo iso levarase a cabo tendo en conta os principios xerais da xestión integrada de pragas establecidos no anexo I que sexan aplicables en cada momento e para cada tipo de xestión de pragas.

Para os ditos efectos, a xestión de pragas nos ámbitos profesionais non agrarios, recollida no capítulo XI, inclúese neste número, con excepción do artigo 46.1.d).

2. Para os efectos deste real decreto cumpre o establecido no número 1:

a) A xestión de pragas realizada na agricultura ecolóxica, conforme o Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe de produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) 2092/91.

b) A xestión de pragas realizada en produción integrada, conforme o Real decreto 1201/2002, do 20 de novembro, polo que se regula a produción integrada de produtos agrícolas, ou conforme a normativa específica de produción integrada vixente en cada comunidade autónoma.

c) A xestión de pragas realizada no marco de sistemas de produción certificada distintos dos referidos nas letras a) e b) que fosen aprobados polo Comité para tal efecto. Será requisito para a súa aprobación que os titulares destes sistemas de certificación presenten ao Comité un estudo detallado que permita verificar que responden ao requirido no número 1.

d) A xestión de pragas realizada polos produtores integrados en agrupacións ou outras entidades de asesoramento en materia de xestión integrada de pragas oficialmente recoñecidas.

e) A xestión de pragas que, non estando prevista nas letras a), b), c) e d), se debe realizar asistida dun asesoramento que permita garantir que se cumpre o establecido no número 1.

3. Considerarase, pola súa vez, que cumpre o establecido no número 1 a xestión de pragas en producións ou tipos de explotacións que, aínda non encadrándose nas letras a), b), c) e d) do número 2, supoñan polas súas propias características unha baixa utilización de produtos fitosanitarios. Neste caso, o asesoramento, no sentido que establece a letra e) do número 2, terá carácter voluntario, e os tratamentos deberanse realizar conforme as prácticas recollidas nas correspondentes guías adoptadas sobre a base do artigo 15, salvo no caso dos usos previstos no capítulo XI, en que o dito asesoramento será preceptivo nos termos previstos no número 1 deste artigo e no artigo 49.

Antes do 1 de marzo de 2013 o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, por proposta do Comité, publicará as producións e tipos de explotacións que se considerarán, para os efectos deste punto, como de baixa utilización de produtos fitosanitarios.

#### Artigo 11. *Asesoramento en xestión integrada de pragas.*

1. O asesoramento que se realice nos distintos marcos de control de pragas a que fai referencia o artigo 10.2 será realizado por un técnico que poida acreditar a condición de asesor, segundo os requisitos establecidos no artigo 12, e efectuarase seguindo os principios xerais da xestión integrada de pragas establecidos no anexo I que sexan aplicables en cada momento ou tipo de produción.

2. O asesoramento deberá quedar reflectido documentalmente. Antes do 1 de marzo de 2013 o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, por proposta do Comité, publicará, a través da súa páxina web, os requisitos que deberá cumprir a documentación do asesoramento no ámbito da produción agraria, incluíndo o seu contido mínimo. Nos ámbitos distintos do agrario a documentación axustarase ao establecido no artigo 50.

3. Cando o titular dunha explotación agraria, ou unha persoa adscrita a esta, poida acreditar a condición de asesor, poderá realizar o asesoramento para a dita explotación.

4. O asesor terá en conta, na súa actividade de asesoramento, as guías por cultivo ou grupo de cultivos adoptadas segundo o establecido o artigo 15.

#### Artigo 12. *Acreditación da condición de asesor.*

1. Terá a condición de asesor en xestión integrada de pragas quen acredite ante o órgano competente da comunidade autónoma estar en posesión de titulación habilitante, segundo o disposto no artigo 13. Para tal efecto, presentará a dita acreditación ante o órgano competente na forma e lugar que esta estableza. Salvo que a normativa da comunidade autónoma dispoña outra cousa, o prazo máximo para resolver e notificar o interesado será de tres meses, transcorrido o cal sen se ditar e notificar ningunha resolución, o interesado poderá entender estimada a súa solicitude.

2. Para exercer como asesor será necesario estar inscrito na sección «asesores» do Rexistro Oficial de Produtores e Operadores, conforme establece o artigo 44.

3. O asesor poderá exercer a súa actividade en todo o territorio nacional cando acredítase a súa condición ante unha comunidade autónoma e se inscribise nunha das oficinas do Rexistro Oficial de Produtores e Operadores.

4. Os outorgamentos da condición de asesores poderán ser suspendidos, modificados ou extinguidos en caso de se lle impor ao seu titular unha sanción administrativa pola comisión dunha infracción grave ou moi grave en materia de sanidade vexetal, saúde pública ou ambiente, ou por incumprimento sobrevido de requisitos recollidos neste real decreto ou na Lei.

#### Artigo 13. *Titulación habilitante.*

1. Sen prexuízo do previsto no número seguinte e na disposición transitoria terceira, a posesión da titulación habilitante requirida para os efectos previstos no artigo 12.1 do presente real decreto e, en relación co técnico competente, nos artigos 2, 25 e 40 da Lei



43/2002, do 20 de novembro, acreditarase provisionalmente mediante o título ou, de ser o caso, os certificados xustificativos de ter adquirido a formación que figura no anexo II.

2. O máis tardar o 1 de xaneiro de 2016, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, con apoio do Comité, elaborará un informe sobre o grao en que a formación recibida nos distintos títulos que permiten acreditar a titulación habilitante segundo o anexo II se adecua ás necesidades formativas do asesor. O informe conterá, se das súas conclusións deriva a necesidade, unha proposta de ratificación ou de modificación do citado anexo que se terá en conta no momento de se aprobar unha modificación deste real decreto que estableza o sistema definitivo que determine finalmente a dita titulación habilitante.

#### Artigo 14. *Seguimento do asesoramento.*

O órgano competente da comunidade autónoma realizará un seguimento para comprobar que o asesoramento se efectúa segundo o establecido neste capítulo. Este seguimento poderase incluír no marco dos controis oficiais de cumprimento da normativa vixente en materia de produtos fitosanitarios.

#### Artigo 15. *Guías de xestión integrada de pragas.*

1. Co obxecto de servir de orientación, tanto para os asesores coma para usuarios profesionais dos produtos fitosanitarios, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente fará públicas as guías de xestión integrada de pragas de aplicación nas principais producións, cultivos ou grupos de cultivos, sobre a base dos principios establecidos no anexo I.

2. O exame e adopción das guías corresponderá ao Comité. Darase preferencia á adopción das guías que afecten as producións ou tipos de explotacións que se consideren de baixa utilización de produtos fitosanitarios sobre a base do previsto no artigo 10.3. Na mesma forma se adoptarán outras guías que se determinen necesarias, como as relativas a levar o caderno de explotación ou o rexistro dos tratamentos fitosanitarios.

3. A elaboración e proposta das guías que adoptará o Comité poderá ser realizada por agrupacións de usuarios profesionais, organizacións ou entidades que os representen, institucións técnicas e científicas, servizos oficiais ou polo propio Comité.

4. As guías en vigor publicaranse na sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

#### Artigo 16. *Rexistro dos tratamentos fitosanitarios.*

1. De conformidade co disposto no artigo 67.1 do Regulamento (CE) nº 1107/2009, a partir do 1 de xaneiro de 2013 cada explotación agraria manterá actualizado o rexistro de tratamentos fitosanitarios coa información especificada na parte I do anexo III, que recibirá a denominación de «caderno de explotación». A partir desa mesma data, cada persoa ou entidade que requira a aplicación de produtos fitosanitarios en ámbitos profesionais distintos do agrario manterá actualizado un rexistro de tratamentos fitosanitarios coa información especificada na parte II do anexo III.

2. Nos casos en que se leven cadernos de explotación conforme os requisitos da produción ecolóxica, a produción integrada ou o protocolo dalgún sistema voluntario de produción certificada, que conteñan, polo menos, todos os datos referidos na parte I do anexo III, entenderase que os ditos cadernos permiten cumprir o disposto no número 1.

3. Conservaranse, xunto co rexistro referido no número 1, a documentación relativa ao asesoramento prevista no artigo 11.2, os certificados de inspección dos equipamentos de tratamento, os contratos especificados no artigo 41.2.c) da Lei 43/2002, do 20 de novembro, as facturas e os demais documentos xustificativos dos asentos realizados no referido caderno, e, de ser o caso, os resultados das análises de residuos de produtos fitosanitarios que fosen realizadas sobre os seus cultivos e producións. Os rexistros e documentos conservaranse polo menos durante os 3 anos seguintes á súa data de emisión.

4. Os usuarios profesionais de produtos fitosanitarios que realicen os tratamentos para terceiros como prestación de servizos rexistrarán os tratamentos fitosanitarios que realicen conforme o establecido no artigo 25.2.

#### CAPÍTULO IV

##### Formación dos usuarios profesionais e vendedores

Artigo 17. *Requisitos de formación de usuarios profesionais e vendedores.*

1. A partir do 26 de novembro de 2015, os usuarios profesionais e vendedores de produtos fitosanitarios deberán estar en posesión dun carné que acredite coñecementos apropiados para exercer a súa actividade, segundo os niveis de capacitación establecidos no artigo 18 e as materias especificadas para cada nivel no anexo IV.

2. Queda eximido do establecido no número 1 o persoal dos distribuidores cuxas tarefas non inclúan a venda nin a manipulación de produtos fitosanitarios para uso profesional.

3. O órgano competente da comunidade autónoma poderá adiantar a data prevista no número 1 para o seu ámbito territorial.

Artigo 18. *Niveis de capacitación.*

1. Os carnés a que se refire o artigo 17.1 expediranse para os seguintes niveis de capacitación:

a) Básico: para o persoal auxiliar de tratamentos terrestres e aéreos, incluíndo os non agrícolas e os agricultores que os realizan na propia explotación sen empregar persoal auxiliar e utilizando produtos fitosanitarios que non sexan nin xeren gases tóxicos, moi tóxicos ou mortais. Tamén se expedirán para o persoal auxiliar da distribución que manipule produtos fitosanitarios.

b) Cualificado: para os usuarios profesionais responsables dos tratamentos terrestres, incluídos os non agrícolas, e para os agricultores que realicen tratamentos empregando persoal auxiliar. Tamén se expedirán para o persoal que interveña directamente na venda de produtos fitosanitarios de uso profesional, que os capacitará para proporcionar a información adecuada sobre o seu uso, os seus riscos para a saúde e o ambiente e as instrucións para mitigar os ditos riscos. O nivel cualificado non outorga capacitación para realizar tratamentos que requiran os niveis de fumigador ou de piloto aplicador, especificados nas letras c) e d).

c) Fumigador: para aplicadores que realicen tratamentos con produtos fitosanitarios que sexan gases clasificados como tóxicos, moi tóxicos ou mortais, ou que xeren gases desta natureza. Para obter o carné de fumigador será condición necesaria ter adquirido previamente a capacitación correspondente aos niveis básico ou cualificado, segundo o especificado nas letras a) e b).

d) Piloto aplicador: para o persoal que realice tratamentos fitosanitarios desde ou mediante aeronaves, sen prexuízo do cumprimento da normativa específica que regula a concesión de licenzas no ámbito da navegación aérea.

2. Estará exento da obriga de realizar o correspondente curso quen solicite o carné que habilita para nivel cualificado, segundo o establecido no punto 1 b), e poida acreditar que posúe:

- a) Titulación habilitante, segundo o establecido no artigo 13, ou
- b) Titulación de formación profesional e certificados de profesionalidade segundo se recolle na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, que permita acreditar unha formación equivalente á que recolle a parte B do anexo IV, actualmente as de técnico en Producción Agropecuaria e técnico en Xardinaría e Floraría.

#### Artigo 19. *Acceso á formación.*

1. O órgano competente da comunidade autónoma adoptará as medidas necesarias para que, non máis tarde do 26 de novembro de 2013, os usuarios profesionais poidan ter acceso á formación axeitada para adquirir o respectivo tipo de capacitación requirida polo presente real decreto, así como para a súa actualización periódica. Para tal efecto:

- a) Designará os organismos, institucións ou entidades encargados de impartir as ensinanzas necesarias para adquirir os coñecementos exixidos conforme o artigo 18 para os distintos tipos de formación ou capacitación de usuarios profesionais.
- b) Supervisará as actividades de formación desenvolvidas polos organismos ou entidades referidos na letra a), facéndolles as recomendacións pertinentes para emendar os seus defectos e, en caso de que non impartan o nivel de formación requirido, retirándolles a designación.
- c) Poderá habilitar un sistema de formación non presencial vía internet, que permita adquirir os coñecementos requiridos, especialmente para a formación de nivel básico e, así mesmo, para a actualización dos coñecementos sobre normativa para todos os niveis e tipos de formación establecidos no artigo 18. O sistema deberá incluír os formularios, en soporte electrónico, utilizables para xustificar a asimilación dos respectivos coñecementos.

Para tales efectos, manterá na súa sede electrónica, á disposición de todos os interesados, unha guía do usuario de produtos fitosanitarios que conteña un compendio das diferentes materias relacionadas no anexo IV, incluída a información relativa aos procedementos para o acceso á actividade, así como as declaracións, notificacións ou solicitudes necesarias para conseguir unha certificación. A dita guía deberase actualizar periodicamente, como máximo cada dous anos, e en todo caso cando se adopten novas disposicións sobre a materia.

2. Os organismos, institucións ou entidades referidos na letra a) do número 1 que impartan as ditas ensinanzas están obrigados a:

- a) Dispor de persoal docente cualificado para impartir as ensinanzas requiridas conforme o artigo 18.
- b) Comunicarlle ao órgano competente o contido, horas lectivas e titulación do profesorado, dos cursos que impartan.
- c) Entregar a cada alumno que cursase con aproveitamento as ditas ensinanzas un certificado acreditativo desta circunstancia.

#### Artigo 20. *Expedición, renovación e retirada de carnés.*

1. O cumprimento dos requisitos de formación a que se refire o artigo 17 acreditarase pola posesión dun carné expedido polo órgano competente da comunidade autónoma. A petición, que deberá realizar o interesado na comunidade autónoma onde resida, incluírá os seus datos persoais e o nivel de capacitación que solicita, e a ela deberanse xuntar os certificados ou títulos requiridos en cada caso. Para estes efectos, recoñeceranse os certificados expedidos por outros Estados membros aínda que atendendo ao nivel de capacitación equivalente a que poidan corresponder.

Salvo que a normativa da comunidade autónoma dispoña outra cousa, o prazo máximo para resolver e notificar ao interesado será de tres meses, transcorrido o cal sen se ter ditado e notificado ningunha resolución, o interesado poderá entender estimada a súa solicitude.

A petición de renovación do carné tamén a deberá realizar o interesado na comunidade autónoma onde resida.

2. Os carnés serán válidos para os efectos de exercer a actividade para a cal habilitan en todo o ámbito nacional e terán unha validez de 10 anos, agás que sexa retirado polo órgano competente antes de finalizar este prazo, por incumprimento de requisitos ou por infracción.

3. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, por proposta do Comité, establecerá un sistema harmonizado que garanta a actualización e o carácter continuo da formación dos usuarios.

4. Os carnés expediranse en castelán e poderán ser bilingües nas comunidades autónomas onde sexa oficial outra lingua.

5. Os carnés axustaranse ao establecido no anexo V.

## CAPÍTULO V

### **Venda de produtos fitosanitarios e información e sensibilización**

#### *Artigo 21. Subministración de produtos fitosanitarios para uso profesional.*

1. A partir do 26 de novembro de 2015 só se poderán subministrar produtos fitosanitarios para uso profesional a titulares dun carné que acredite a formación establecida no artigo 18.

2. En caso de que a entrega se realice a nome dunha persoa xurídica ou do titular dunha explotación, quen reciba o produto deberá, ademais de cumprir o requisito previsto no número 1, acreditar que posúe autorización ou poder da dita persoa xurídica ou titular de explotación para actuar e efectuar a recepción no seu nome.

#### *Artigo 22. Requisitos de formación na distribución.*

1. A partir do 26 de novembro de 2015, os vendedores e o persoal auxiliar da distribución de produtos fitosanitarios para uso profesional deberán estar en posesión do carné correspondente para exercer como tales, segundo o establecido no artigo 17.1.

2. A obriga dos distribuidores, vendedores e demais operadores comerciais de produtos fitosanitarios de contar cun técnico con titulación universitaria habilitante, segundo o establecido no artigo 40 da Lei, cumprírase tendo en conta os requisitos establecidos no artigo 13.

3. O órgano competente da comunidade autónoma poderá adiantar a data prevista no número 1 para o seu ámbito territorial.

#### *Artigo 23. Información no momento da venda.*

1. No momento da venda de produtos fitosanitarios para uso profesional, deberá estar dispoñible un vendedor co obxecto de poder proporcionarlles aos clientes información adecuada en relación co uso dos produtos fitosanitarios que adquire, os riscos para a saúde e o ambiente e as instrucións de seguridade para xestionar tales riscos. Tamén se dará información sobre os puntos de recollida de envases baleiros máis próximos utilizables polo comprador. O vendedor estará en posesión de carné cualificado desde o momento en que este requisito sexa obrigatorio no seu ámbito territorial.

2. Os distribuidores que vendan produtos fitosanitarios para uso non profesional proporcionaránlles aos usuarios información xeral sobre os riscos do uso dos produtos fitosanitarios para a saúde e o ambiente, e en particular sobre os perigos, exposición, almacenamento adecuado, manipulación, aplicación e eliminación en condicións de

seguridade, así como sobre as alternativas de baixo risco. Para tal fin os titulares dos produtos facilitaránlles aos distribuidores a dita información.

*Artigo 24. Subministración de produtos fitosanitarios que sexan ou xeren gases tóxicos, moi tóxicos ou mortais.*

1. Os produtos fitosanitarios que sexan gases clasificados como tóxicos, moi tóxicos ou mortais, ou que xeren gases desta natureza, só poderán ser subministrados a empresas de tratamentos con persoal que dispoña dun carné obtido conforme o disposto no artigo 18.1.c), ou a usuarios profesionais que dispoñan do dito carné, todo iso sen prexuízo do establecido na autorización do produto.

2. Nos casos en que a comunidade autónoma concedese carnés para utilización de produtos fitosanitarios moi tóxicos que autorizan a realizar tratamentos na propia explotación, deberá retiralos o máis tardar o 26 de novembro de 2015.

*Artigo 25. Rexistros de transaccións con produtos fitosanitarios.*

1. De conformidade co disposto no artigo 67.1 do Regulamento (CE) nº 1107/2009, os produtores e distribuidores de produtos fitosanitarios de uso profesional levarán un rexistro de todas as operacións de entrega a un terceiro, a título oneroso ou gratuíto, que realicen, no cal anotarán os seguintes datos:

- a) Data da transacción.
- b) Identificación do produto fitosanitario (nome comercial, número de inscrición no Rexistro Oficial de Produtos Fitosanitarios e número ou referencia, se é o caso, do lote de fabricación).
- c) Cantidade de produto obxecto da transacción.
- d) Identificación do subministrador e do comprador (nome e apelidos ou razón social, enderezo ou sede social e NIF).

2. Así mesmo, as entidades e os usuarios profesionais cuxas actividades comprendan a prestación de servizos de tratamentos fitosanitarios levarán un rexistro das operacións realizadas, tanto de adquisición coma de aplicación, conforme os contratos especificados no artigo 41.2.c) da Lei, no cal anotarán os seguintes datos:

- a) Data da operación (adquisición ou aplicación).
- b) Identificación do produto fitosanitario (nome comercial, número de inscrición no Rexistro Oficial de Produtos Fitosanitarios e número ou referencia, se é o caso, do lote de fabricación).
- c) Cantidade de produto obxecto da operación.
- d) Identificación do subministrador ou da parte contratante do servizo (nome e apelidos ou razón social, enderezo ou sede social e NIF).
- e) No caso das aplicacións, cultivo ou obxecto do tratamento realizado.

3. Os datos rexistrados manteranse á disposición do órgano competente durante 5 anos.

4. Os rexistros poderanse levar por medios electrónicos ou tradicionais.

*Artigo 26. Información e sensibilización ao público.*

Os órganos competentes adoptarán, cada un no seu ámbito territorial ou competencial, de forma coordinada entre si e co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e no marco do Comité, medidas para informar o público en xeral, fomentar e facilitar programas de información e sensibilización, e a posta á súa disposición de información precisa e equilibrada en relación cos produtos fitosanitarios. Esta información fará especial referencia aos riscos resultantes do seu uso e posibles efectos agudos e crónicos para a saúde humana, os organismos non obxectivo e o ambiente, así como sobre a utilización de alternativas non químicas. Así mesmo, informarase do progreso

alcanzado polos usuarios profesionais no uso sustentable dos produtos fitosanitarios, e das medidas obrigatorias exixidas para o seu uso.

## CAPÍTULO VI

### Aplicacións aéreas de produtos fitosanitarios

Artigo 27. *Condicións para as aplicacións aéreas de produtos fitosanitarios.*

Prohíbense as aplicacións aéreas de produtos fitosanitarios, salvo nos seguintes casos especiais:

1. Só se poderán realizar as aplicacións aéreas autorizadas polo órgano competente da comunidade autónoma onde se vaian realizar, ou as que sexan promovidas pola propia Administración tanto para o control de pragas declaradas de utilidade pública segundo o artigo 15 da Lei coma para o control doutras pragas sobre a base de razóns de emerxencia. Será, en calquera caso, condición necesaria para a súa realización que non se dispoña dunha alternativa técnica e economicamente viable, ou que as existentes presenten desvantaxes en termos de impacto na saúde humana ou o ambiente. Se a zona sobre a cal se vai efectuar a pulverización está próxima a zonas habitadas ou transitadas, no procedemento de autorización deberase considerar o posible impacto sobre a saúde humana, e, en caso necesario, incluíranse na autorización medidas específicas de xestión do risco, para velar por que non se produzan efectos adversos.

2. As aplicacións aéreas realizaranse segundo as condicións xerais que se establecen no anexo VI.

3. Os tratamentos realizaranse con produtos fitosanitarios autorizados para o cultivo e a praga de que se trate, e aprobados especificamente para aplicación aérea polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, logo de avaliación específica dos riscos que supón o dito tipo de aplicación.

Artigo 28. *Solicitud de autorizacións especiais de aplicacións aéreas.*

1. A solicitude de autorización prevista no artigo 27.1 presentárase ante o órgano competente da comunidade autónoma. Poderán presentar a solicitude particulares, agrupacións de produtores ou as empresas que vaian realizar a aplicación. Á solicitude xuntárase un plan de aplicación que deberá ser aprobado polo órgano competente.

Salvo norma en contrario da comunidade autónoma correspondente, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución expresa será de seis meses, contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e notificase a resolución, a solicitude poderase entender estimada por silencio administrativo.

2. No caso dos tratamentos aéreos promovidos pola Administración, segundo o previsto no artigo 27.1, o órgano competente aprobará un plan de aplicación. O órgano competente poderá dispor que o plan de aplicación deba ser presentado pola empresa que vaia realizar a aplicación.

3. O plan de aplicación previsto nos números 1 e 2 deberá ir asinado por unha persoa con titulación universitaria habilitante, no sentido en que define o artigo 13, e o seu contido axustárase, polo menos, ao establecido no anexo VII.

Artigo 29. *Rexistro e seguimento das aplicacións aéreas.*

1. O órgano competente da comunidade autónoma levará unha base de datos das solicitudes e autorizacións das aplicacións aéreas, e porá á disposición do público a información pertinente contida nela, facendo referencia, en calquera caso, á zona, data e momento do tratamento, así como ao produto fitosanitario utilizado.

2. O órgano competente da comunidade autónoma realizará un seguimento de que as aplicacións aéreas cumpren o disposto nos artigos 27 e 28. Este seguimento poderase

incluír no marco dos controis oficiais de cumprimento da normativa vixente en materia de produtos fitosanitarios.

## CAPÍTULO VII

### Protección do medio acuático e da auga potable

Artigo 30. *Priorización de produtos fitosanitarios para evitar a contaminación das augas.*

1. O asesoramento realizado no marco dos sistemas incluídos no artigo 10 prevé unha valoración do risco de contaminación das augas. En función da dita valoración, mentres sexa apreciable un risco, darase a prioridade oportuna á utilización de produtos fitosanitarios non clasificados como perigosos para o medio acuático sobre a base do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado mediante o Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, ou sobre a base do Regulamento (CE) nº 1272/2008, do 16 de decembro, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e a utilización de produtos fitosanitarios que non conteñan substancias perigosas prioritarias recollidas no Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado mediante o Real decreto 907/2007, do 6 de xullo. Tamén se dará prioridade ás técnicas de aplicación máis eficientes, como o uso de equipamentos de aplicación de baixa deriva, especialmente en cultivos altos.

2. As guías previstas no artigo 15 elaboraranse tendo en conta a prioridade que se debe outorgar á utilización dos produtos fitosanitarios a que se refire o número 1.

Artigo 31. *Medidas para evitar a contaminación difusa das masas de auga.*

1. Cando se apliquen produtos fitosanitarios tomaranse as medidas necesarias para evitar a contaminación difusa das masas de auga, recorrendo na medida do posible a técnicas que permitan prever a dita contaminación e reducindo, tamén na medida do posible, as aplicacións en superficies moi permeables.

2. Cando se apliquen produtos fitosanitarios respectarase unha banda de seguridade mínima, con respecto ás masas de auga superficial, de 5 metros, sen prexuízo de que se deba deixar unha banda maior cando así se estableza na autorización e figure na etiqueta do produto fitosanitario utilizado.

Non quedan afectados por este requisito os cultivos que se desenvolvan en terreos inundados, como é o caso do arroz, nin as canles para rega ou outras infraestruturas asimilables, sen prexuízo das medidas establecidas na autorización do produto fitosanitario. Cando se poida prever un risco de contaminación das augas asociado a estes casos, a comunidade autónoma adoptará as medidas apropiadas para mitigalo.

3. Nos casos en que se precise realizar tratamentos nas bandas de seguridade establecidas no número 2, no marco do control de pragas declarado de utilidade pública segundo o artigo 15 da Lei, ou do control doutras pragas sobre a base de razóns de emerxencia, o órgano competente da comunidade autónoma poderaos autorizar, e determinará as condicións en que se deban levar a cabo.

4. Evitaranse todo tipo de tratamentos con ventos superiores a 3 metros por segundo.

Artigo 32. *Medidas para evitar a contaminación puntual das masas de auga.*

Tomaranse todas as medidas necesarias para evitar a contaminación puntual das masas de auga. En calquera terán caso carácter obrigatorio as seguintes prácticas:

a) No encher os depósitos dos equipamentos de aplicación directamente desde os pozos ou puntos de almacenamento de auga, nin desde unha vía de auga, agás no caso de que se utilicen equipamentos con dispositivos antirretorno ou cando o punto de captación estea máis alto que a boca de enchedura.

b) Os puntos de auga susceptibles de contaminación por produtos fitosanitarios, tales como os pozos situados na parcela tratada, deberanse cubrir de forma que se evite a contaminación puntual polo menos durante a realización dos tratamentos.

c) Evitarase realizar tratamentos sobre as zonas que non sexan obxectivo deste; particularmente interromperase a pulverización nas voltas e, de ser o caso, ao finalizar os regos de cultivo.

d) As operacións de regulación e comprobación do equipamento de tratamento realizaranse previamente á mestura e carga do produto fitosanitario, e polo menos a 25 metros dos puntos e masas de auga susceptibles de contaminación.

**Artigo 33. Medidas específicas para evitar a contaminación en zonas de extracción de auga para consumo humano.**

Tomaranse todas as medidas necesarias para evitar a contaminación en zonas de extracción de auga para consumo humano. En calquera caso terán carácter obrigatorio as seguintes prácticas:

a) O titular da explotación, así como calquera outra persoa ou empresa que requira tratamentos con produtos fitosanitarios para uso profesional, identificará os pozos e as masas de auga superficial utilizadas para extracción de auga para consumo humano que poidan estar afectadas directamente polo tratamento, de cara a estar en disposición de tomar medidas para evitar a súa contaminación polo uso de produtos fitosanitarios. De ser o caso, fará a correspondente anotación no caderno de explotación ou no rexistro de tratamentos, segundo o previsto no artigo 16.

b) Deixarase, como mínimo, unha distancia de 50 metros sen tratar con respecto aos puntos de extracción de auga para consumo humano nas masas de auga superficiais, así como nos pozos utilizados para tal fin.

## CAPÍTULO VIII

### Redución do risco en zonas específicas

**Artigo 34. Medidas de redución de risco en zonas específicas.**

1. O asesoramento realizado no marco dos sistemas previstos no artigo 10 dará prioridade, na medida en que estean dispoñibles, á utilización de produtos fitosanitarios de baixo risco conforme o definido no Regulamento (CE) nº 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, e ás medidas de control biolóxico:

a) Nas zonas de extracción de auga para consumo humano, zonas de protección de hábitats e especies e zonas de protección de especies acuáticas significativas desde o punto de vista económico que se declarasen protexidas no marco do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado mediante o Real decreto 907/2007, do 6 de xullo.

b) Nas zonas de protección declaradas no marco do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas, ou do Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

2. As guías previstas no artigo 15 elaboraranse tendo en conta a prioridade que se debe outorgar á utilización dos produtos fitosanitarios de baixo risco nas zonas a que se refire o número 1.

3. O titular da explotación, así como calquera outra persoa ou entidade que requira tratamentos con produtos fitosanitarios para uso profesional, realizará a correspondente anotación no caderno de explotación ou rexistro de tratamentos, segundo o previsto no



artigo 16, en canto a se a súa explotación ou ámbito de actividade está total ou parcialmente nunha zona protexida ás cales se refire o número 1.

4. O asesoramento, previsto no artigo 11, incluírá información sobre as medidas relativas á utilización de produtos fitosanitarios que estableza o órgano competente, no correspondente plan ou instrumento de xestión da zona protexida en cuestión.

5. Os órganos competentes, tendo debidamente en conta os requisitos de hixiene e saúde pública e a biodiversidade, ou os resultados das avaliacións de risco pertinentes, velarán por que se minimize ou se prohíba o uso de produtos fitosanitarios nalgunhas zonas específicas.

*Artigo 35. Medidas específicas para zonas tratadas recentemente que utilicen os traballadores agrarios.*

1. Sen prexuízo da obriga de respectar o prazo de reentrada que figure na etiqueta do produto fitosanitario utilizado, non se procederá á reentrada nos cultivos tratados ata que secasen as partes do cultivo que poidan entrar en contacto coas persoas.

2. O responsable dos tratamentos ocuparase de transmitir a información precisa para que os traballadores da explotación poidan coñecer o momento e as condicións a partir dos cales está permitido entrar nun cultivo despois dun tratamento. A dita obriga operará tamén respecto de terceiros, a través de carteis ou sistemas similares cando se efectuasen tratamentos en predios non pechados lindeiros a vías ou áreas públicas urbanas, ou cando o órgano competente determine a necesidade en función da extensión do tratamento ou toxicidade do produto empregado.

3. Nos cultivos de invernadoiro, locais e almacéns, cando se trate con produtos fitosanitarios distintos dos de baixo risco, indicarse nun cartel visible na entrada do recinto a información a que se refire o número 2.

## CAPÍTULO IX

### **Manipulación e almacenamento dos produtos fitosanitarios, envases e restos**

*Artigo 36. Preparación da mestura e carga do depósito nos tratamentos fitosanitarios.*

Tomaranse todas as medidas necesarias para que a mestura e a enchedura do depósito do equipamento de tratamento non supoñan un perigo para a saúde humana e o ambiente e, en calquera caso, terán carácter obrigatorio as seguintes prácticas:

a) Non se realizará a mestura ou dilución previa dos produtos fitosanitarios antes da incorporación ao depósito, salvo que a correcta utilización destes o requira.

b) A operación de mestura realizarase con dispositivos incorporadores que permitan facelo de forma continua. En caso de que o equipamento de aplicación non dispoña dos ditos incorporadores, o produto incorporarase unha vez que se encha o depósito coa metade da auga que se vaia utilizar, e proseguirase despois coa enchedura completa.

c) As operacións de mestura e carga realizaranse inmediatamente antes da aplicación, e non se deixará o equipamento só ou desatendido durante elas.

d) As operacións de mestura e carga realizaranse en puntos afastados das masas de auga superficiais, e en ningún caso a menos de 25 metros delas, ou a distancia inferior a 10 metros cando se utilicen equipamentos dotados de mesturadores-incorporadores de produto. Non se realizarán as ditas operacións en lugares con risco de encharcamento, escurremento superficial ou lixiviación.

e) Durante o proceso de mestura e carga do depósito os envases de produtos fitosanitarios permanecerán sempre pechados, agás no momento puntual en que se estea a extraer a cantidade que se vai utilizar.

f) A cantidade de produto fitosanitario e o volume de auga que se vai utilizar deberanse calcular, evitando que sobre, axustados á dose de utilización e á superficie que se vai tratar, antes de realizar as operacións de mestura e carga.

*Artigo 37. Mestura en campo dos produtos fitosanitarios.*

Antes do 1 de xaneiro de 2014, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en coordinación co Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e logo de informe do Comité, elaborará unha guía de boas prácticas, con instrucións e recomendacións para a correcta realización de mesturas de produtos fitosanitarios para o seu uso no campo.

*Artigo 38. Transporte de produtos fitosanitarios.*

1. Sen prexuízo do establecido na lexislación sobre transporte de mercadorías perigosas, o transporte dos produtos fitosanitarios con medios propios do titular da explotación ou, de ser o caso, da persoa ou empresa que requira tratamentos con produtos fitosanitarios de uso profesional, realizarase de forma que non se poidan producir verteduras.

2. En particular, e co obxecto de cumprir o establecido no número 1, os envases transportaranse pechados, colocados verticalmente e coa apertura cara á parte superior, organizarase e suxeitarase a carga correctamente no medio de transporte e non se utilizarán soportes con estelas ou partes cortantes que puidesen danar os envases.

3. Sempre que existan vías alternativas próximas, evitarase atravesar canles de auga co equipamento de tratamento cargado coa mestura do produto fitosanitario.

*Artigo 39. Limpeza dos equipamentos de tratamento.*

Tomaranse todas as medidas necesarias para que, na eliminación dos restos de mestura que queden nos tanques tras a aplicación e na posterior limpeza dos equipamentos de tratamento, non se poña en perigo a saúde humana e o ambiente e, en calquera caso, terán carácter obrigatorio as seguintes prácticas:

a) Prohíbese a vertedura dos restos de mestura excedentes do tratamento. A súa eliminación realizarase aplicándoos na mesma parcela tratada logo da súa dilución coa cantidade de auga abondo para que non se exceda a dose máxima admisible. Non obstante, cando estean dispoñibles, darase preferencia á eliminación destes restos mediante instalacións ou dispositivos preparados para eliminar ou degradar residuos de produtos fitosanitarios.

b) En ningún caso se poderán lavar os equipamentos a distancias inferiores de 50 metros das masas de auga superficiais e dos pozos.

c) Os equipamentos de tratamento gardaranse resgardados da chuvia.

*Artigo 40. Almacenamento dos produtos fitosanitarios polos usuarios.*

1. Os produtos fitosanitarios para uso profesional gardaranse en armarios ou cuartos ventilados e provistos de fecho, co obxecto de mantelos fóra do alcance de terceiros, en especial dos menores de idade.

2. Os locais onde se sitúen os armarios ou cuartos a que se refire o número 1, ou os locais mesmos cando só se dediquen a gardar produtos fitosanitarios, cumprirán as seguintes condicións:

a) Deberán estar separados por parede de obra de calquera local habitado e dotados de suficiente ventilación, natural ou forzada, con saída ao exterior.

b) No estarán situados en lugares próximos ás masas de augas superficiais ou pozos de extracción de auga, nin nas zonas en que se prevexa que se poidan inundar en caso de enchentes.

c) Disporán de medios adecuados para recoller derramamentos accidentais.

d) Disporán dun contedor acondicionado cunha bolsa de plástico para illar os envases danados, os envases baleiros, os restos de produtos e os restos de calquera

vertedura accidental que puiden acontecer, ata a súa entrega ao xestor de residuos correspondente.

e) Terán á vista os consellos de seguridade e os procedementos en caso de emerxencia, así como os teléfonos de emerxencia.

3. Os armarios ou cuartos a que se refire o número 1 situaranse naquelas zonas dos locais libres de humidade, e o máis protexidos posible das temperaturas extremas. A súa localización garantizará a separación dos produtos fitosanitarios do resto dos produtos do almacén, especialmente do material vexetal e dos produtos de consumo humano ou animal.

4. Os produtos fitosanitarios deberanse gardar pechados, en posición vertical co peche cara arriba e coa etiqueta orixinal íntegra e perfectamente lexible. Unha vez aberto o envase, se non se utiliza todo o seu contido, o resto deberase manter no mesmo envase, co tapón pechado e mantendo a etiqueta orixinal íntegra e lexible.

5. O disposto neste artigo é de aplicación exclusiva aos almacéns que, como acontece habitualmente no ámbito das explotacións agrarias, non se ven afectados polo ámbito de aplicación do Real decreto 379/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento de almacenamento de produtos químicos e as súas instrucións técnicas complementarias MIE APQ-1, MIE APQ-2, MIE APQ-3 MIE APQ-4, MIE APQ-5, MIE APQ-6 MIE APQ-7.

*Artigo 41. Residuos e envases de produtos fitosanitarios no ámbito agrario.*

1. Excepto no caso de que se dispoña de dispositivos que non o fagan necesario, cada envase de produto fitosanitario líquido que se baleire ao preparar a mestura e carga será enxaugado manualmente 3 veces, ou mediante dispositivo de presión, e as augas resultantes verteranse ao depósito do equipamento de tratamento.

2. Os envases baleiros gardaranse nunha bolsa almacenada conforme o previsto no artigo 40.2.d) ata o momento do seu traslado ao punto de recollida.

3. O agricultor manterá o xustificante de ter entregado os envases baleiros de produtos fitosanitarios ao correspondente punto de recollida, conforme o previsto no artigo 16.3.

4. Este artigo aplicarase sen prexuízo do disposto no artigo 51 para os usos non agrarios, e no Real decreto 1416/2001, do 14 de decembro, sobre envases de produtos fitosanitarios.

## CAPÍTULO X

### Rexistro Oficial de Produtores e Operadores

*Artigo 42. Rexistro Oficial de Produtores e Operadores.*

1. O Rexistro Oficial de Produtores e Operadores de medios de defensa fitosanitarios, en diante, Rexistro, de carácter constitutivo, cuxa estrutura e funcionamento se regulan no presente real decreto, é, así mesmo, o instrumento censual necesario para optimizar a realización de estatísticas, da planificación e realización dos controis oficiais que realizan as comunidades autónomas e doutras políticas agrarias, e para a necesaria información aos agricultores e demais interesados na materia.

2. O ámbito do Rexistro, no cal se integrará a sección de produtos fitosanitarios do Rexistro de Establecementos e Servizos Praguicidas, creado pola Regulamentación técnico-sanitaria aprobada polo Real decreto 3349/1983, do 30 de novembro, comprende as actividades de:

a) Subministración dos medios de defensa fitosanitaria definidos no artigo 2.m) da Lei, agás os equipamentos e maquinaria de aplicación, incluíndo a fabricación ou produción, comercialización, loxística, almacenamento, distribución e venda ou cesión en xeral.

b) Realización de tratamentos fitosanitarios, tanto por medios terrestres como aéreos, ou en almacéns ou outros locais, cando se trate de:

1.º Prestación de servizos, tanto por empresas coma por cooperativas ou outras entidades, co seu propio persoal.

2.º Desinfección de sementes e tratamentos poscolleita con carácter industrial ou corporativo, mediante instalacións ou equipamentos fixos.

c) Asesoramento, en concepto de prestación de servizos a explotacións agrarias, a entidades ou a particulares.

d) Manipulación e utilización de produtos fitosanitarios de uso profesional.

3. A inscrición no Rexistro será requisito imprescindible para exercer calquera das actividades especificadas no número 2, en canto sexa con carácter comercial, industrial ou corporativo.

4. Como excepción ao establecido no número 3, a obriga de inscrición no Rexistro non afecta os que comercialicen exclusivamente produtos fitosanitarios autorizados para usos non profesionais.

5. A xestión do Rexistro correspóndelles ás comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos territoriais. Para tal efecto, cada comunidade autónoma designará un órgano competente e se, para atender axeitadamente as necesidades dos seus administrados, determina necesario dispor dunha rede territorial de oficinas do Rexistro, poderaa establecer e adscribilas aos órganos administrativos que correspondan.

6. O Rexistro terá carácter público, sen prexuízo da protección de datos de carácter persoal, conforme se establece no artigo 43.4.

#### Artigo 43. *Estrutura e funcionamento do Rexistro.*

1. A información do Rexistro estrutúrase en catro seccións que corresponden a cada un dos grupos de actividades referidas no artigo 42.2.

2. Así mesmo, de conformidade co establecido nos artigos 40 e 41 da Lei, as referidas actividades de cada sección desagreganse:

a) No sector subministrador:

1.º Fabricación ou produción material, incluíndo a actividade de almacenamento nas propias instalacións da factoría.

2.º Comercialización ou posta no mercado, comprendendo a importación. Implica a titularidade da autorización do produto e a responsabilidade inherente a ela, incluíndo, de ser o caso, a responsabilidade directa ou subsidiaria sobre a fabricación e sobre a loxística.

3.º Distribución ou organización da venda ao usuario en xeral. Implica, se é o caso, a responsabilidade subsidiaria sobre a loxística.

4.º Loxística, incluíndo o transporte e almacenamento, en caso de que se realice como actividade específica independente, por conta do responsable da comercialización ou do distribuidor.

b) No sector de tratamentos fitosanitarios:

1.º Prestación de servizos de aplicación de produtos fitosanitarios, ben sexa por conta de terceiros ou dos propios socios da entidade ou cooperativistas.

2.º Aplicación de produtos fitosanitarios, con carácter industrial e por conta propia, mediante equipamentos ou instalacións fixas.

c) No sector de asesoramento fitosanitario, conforme o establecido no artigo 11:

1.º Asesores independentes que practiquen a actividade no exercicio libre da súa profesión.

2.º Asesores encadrados no sector subministrador ou no de tratamentos, ou na estrutura cooperativa dos seus socios.

- 3.º Asesores encadrados na propia estrutura empresarial do usuario.
- 4.º Asesores encadrados en entidades de asesoramento nos distintos marcos de control de pragas previstos no artigo 10.2.

d) No sector de uso profesional: os usuarios profesionais.

3. A información que se deberá consignar no Rexistro comprende:

- a) O nome e apelidos ou denominación social do titular da inscrición, e o seu NIF.
- b) O enderezo postal do seu domicilio legal.
- c) O tipo ou tipos de actividade, das especificadas no número 2, que realiza.
- d) De ser o caso, segundo corresponda:

1.º As clases de produtos fitosanitarios ou outros medios de defensa fitosanitaria que pretenda producir, almacenar, manipular ou utilizar.

2.º Os tipos de tratamentos ou outros servizos que pretenda prestar.

e) A relación dos establecementos afectos á actividade ou actividades referidas, especificando se se trata de instalacións industriais, almacéns ou outros locais, ou oficinas, incluídos os situados fóra do ámbito territorial da oficina onde se solicitase a inscrición.

f) A relación do persoal afecto á actividade ou actividades referidas, especificando a situación dos seus postos de traballo así como a titulación ou capacitación de quen desempeñe postos ou desenvolva actividades para as cales se requira pola normativa vixente.

4. O órgano competente de cada comunidade autónoma velará por que se manteña actualizada e accesible aos interesados, preferentemente por vía Rexistro tendo en conta separadamente as necesidades de información das administracións públicas implicadas e as dos demais usuarios, sen prexuízo da debida protección dos datos de carácter persoal, segundo establece a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, no primeiro trimestre de cada ano deberá remitir ao órgano competente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente un informe que inclúa, a nivel de provincia, o resumo do movemento anual do Rexistro e o seu estado en 31 de decembro do ano anterior.

5. Organizarase un sistema informatizado de intercambio de información sobre as inscricións vixentes no Rexistro, cuxa coordinación se encomenda ao Comité.

Así mesmo, o Comité poderá acordar que o Rexistro se constitúa nunha base de datos informatizada, con base nos rexistros informatizados das comunidades autónomas, e o seu sistema de xestión permitirá, en todo caso, que as altas, baixas e modificacións que neles se realicen teñan reflexo inmediato no Rexistro. As comunidades autónomas terán acceso informático ao Rexistro, así mesmo, para a información que lles compete.

#### Artigo 44. *Inscrición no Rexistro.*

1. Toda persoa, física ou xurídica, afectada pola obriga establecida no artigo 42.3, en diante, o solicitante, está obrigada a solicitar a inscrición no Rexistro conforme o establecido neste artigo.

2. A solicitude, que se poderá presentar por calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dirixirase ao órgano competente en cuxo ámbito territorial estea situado o domicilio legal do solicitante con, polo menos, un mes de antelación ao inicio das súas actividades.

3. O contido da solicitude comprenderá, polo menos:

a) O nome e apelidos ou denominación social do solicitante e demais información especificada no artigo 43.3, en relación co titular da inscrición, o seu domicilio, actividades, medios, establecementos e persoal.

b) Unha declaración responsable asinada polo solicitante, ou por persoa física con poder bastante, de conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, na cal manifeste expresamente que todos os datos e información contidos na solicitude, a que se refire a letra a), son verdadeiros e, cando corresponda, que se cumpren todos os requisitos aplicables establecidos polo Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.

4. Na oficina do Rexistro que reciba a solicitude procederase á apertura dun expediente, ao exame do contido da solicitude para verificar a conformidade co establecido no número 3 e ao cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto, ao requirimento do solicitante que emende os defectos existentes, se é o caso, elaborar a proposta de resolución que proceda e, en caso favorable, efectuar a inscrición e asignar o número de rexistro.

5. Sen prexuízo do establecido no artigo 43.4, no caso de que o titular da inscrición teña instalacións fixas noutras comunidades autónomas, o responsable da oficina do rexistro en que se recibise a correspondente solicitude remitirá toda a información contida nela ao órgano competente de cada unha delas. Así mesmo, procederá, se é o caso, respecto ás outras oficinas do rexistro na súa propia comunidade autónoma.

6. O procedemento, considerados, de ser o caso, os informes das outras comunidades autónomas ou oficinas do rexistro referidas no número anterior, deberá finalizar no prazo máximo de 40 días desde que a solicitude tivo entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, coa emisión e notificación ao interesado, en caso favorable, do certificado de inscrición polo órgano competente ou, se se trata dunha oficina periférica, polo órgano de que dependa esta. No certificado de inscrición deberán figurar, polo menos, o nome do solicitante, todos os seus datos identificativos e do seu domicilio que teñan relación coa súa actividade ou actividades reguladas no artigo 43.2.

Salvo norma en contrario da comunidade autónoma correspondente, conforme o establecido no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, en caso de non se ditar resolución no prazo establecido, o interesado poderá entender estimada por silencio administrativo a súa solicitude.

7. Tras a inscrición, o órgano competente, ou o órgano de quen dependa cada unha das oficinas do rexistro referidas no número 2, comunicará ao respectivo concello a información que lle afecte pola localización no seu termo de calquera tipo de instalacións ou actividades. Considerarase información suficiente unha copia do certificado de inscrición. Esta comunicación non será necesaria cando entre a documentación que presente o interesado figure a licenza de actividade expedida polo concello en que estea situada a instalación.

8. O prazo de validez dos certificados de inscrición non será superior a dez anos e, polo menos cun mes de antelación á súa caducidade, os solicitantes deberán solicitar a súa renovación sen achegar outra información que unha nova declaración conforme o referido no punto 3.b), que incluíra a debida actualización da formación.

9. En caso de que, durante o período de validez do certificado de inscrición, se produza calquera modificación significativa respecto dos datos declarados na solicitude, o solicitante deberá presentar unha solicitude de modificación de inscrición que conteña a información ou documentación que se altera da especificada nos números 2 e 3. Na mesma forma se procederá en caso de se producir un cambio de titularidade que afecte todas as actividades, establecementos e medios ou unha parte deles.

#### Artigo 45. *Revisión de inscricións no Rexistro.*

1. Co obxecto de verificar o mantemento dos datos e demais información declarada polo solicitante para a inscrición no Rexistro conforme o artigo 44.2, en cada oficina deste desenvolverase un programa de revisión das inscricións, para cuxo fin se poderá requirir

do solicitante a achega da documentación ou xustificantes necesarios ou ben a información do órgano competente en cada caso.

2. Como consecuencia do resultado da dita revisión poderanse manter ou modificar os datos rexistrados ou cancelar as inscricións, todo iso coa apertura de oficio do respectivo expediente e de conformidade co establecido nos artigos 102 e concordantes da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, incluída a sanción das infraccións cometidas, se é o caso.

Salvo norma en contrario da comunidade autónoma correspondente, conforme o establecido nos artigos 42 e 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, o prazo máximo para a resolución deste procedemento é de 6 meses. En caso de non se ditar resolución no dito prazo, producirase a caducidade.

3. Este programa poderase incluír no marco dos controis oficiais do cumprimento da normativa vixente en materia de medios de defensa fitosanitaria e, en todo caso, desenvolverase sen prexuízo dos controis que corresponda realizar aos órganos competentes na verificación do cumprimento do Real decreto 379/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento de almacenamento de produtos químicos e as súas instrucións técnicas complementarias.

4. Non obstante o establecido no número 2, co obxecto de que a información contida no Rexistro se manteña actualizada, procederase, así mesmo, á cancelación das inscricións polo menos nos seguintes casos:

- a) Cando así o solicite o titular do establecemento ou servizo.
- b) Cando a Administración local competente proceda á revogación da licenza de apertura de establecemento e se reciba a notificación da dita revogación.
- c) Cando, transcorrido o prazo de validez do certificado de inscrición, o titular non solicitase a expedición dun novo certificado.

## CAPÍTULO XI

### **Disposicións específicas para o uso dos produtos fitosanitarios en ámbitos distintos da produción agraria**

Artigo 46. *Ámbitos distintos da produción primaria agraria profesional.*

1. O presente capítulo é de aplicación ao uso de produtos fitosanitarios en calquera actividade distinta da produción primaria agrícola profesional. Concretamente, é aplicable aos tratamentos fitosanitarios que se deban realizar en:

a) Espazos utilizados polo público en xeral, comprendidas as áreas verdes e de recreo, con vexetación ornamental ou para sombra, dedicadas ao lecer, esparexemento ou práctica de deportes, diferenciando entre:

1.º Parques abertos, que comprenden os parques e xardíns de uso público ao aire libre, incluídas as zonas axardinadas de recintos de acampada (cámping) e demais recintos para esparexemento, así como o arboredo das vías e outras aliñacións de vexetación no medio urbano.

2.º Xardíns confinados, tanto se se trata de invernadoiros como de espazos ocupados por plantas ornamentais nos centros de traballo, de estudo ou comerciais.

b) Campos de deporte: espazos destinados á práctica de deportes por persoas provistas de indumentaria e calzado apropiados, diferenciados entre abertos e confinados, conforme o especificado na letra a).

c) Espazos utilizados por grupos vulnerables: os xardíns existentes nos recintos ou nas inmediacións de colexios e gardarías infantís, campos de xogos infantís e centros de asistencia sanitaria, incluídos as residencias para anciáns.

d) Espazos de uso privado: espazos verdes ou con algún tipo de vexetación en vivendas ou anexos a elas, ou a outras edificacións ou áreas que sexan exclusivamente de acceso privado ou veciñal, diferenciando entre:

1.º Xardíns domésticos de exterior: espazos verdes de dominio privado, anexos ás vivendas.

2.º Xardinaría doméstica de interior: inclúe as plantas de interior e as cultivadas en balcóns, terrazas ou azoteas.

3.º Hortas familiares: áreas de extensión en que se cultiva un pequeno número de diferentes hortalizas ou froitos para aproveitamento familiar ou veciñal, tanto estean no recinto dun xardín doméstico como fóra deste.

e) Redes de servizos: áreas non urbanas, comprendidos os ferrocarrís e demais redes viarias, as de condución de augas de rega ou de desaugamento, de tendidos eléctricos, devasas ou outras, de dominio público ou privado, cuxa característica é consistir en espazos lineais ou redes de espazos lineais, particularmente para manter controlada a vexetación espontánea.

f) Zonas industriais: áreas de acceso restrinxido, de dominio público ou privado, tales como centrais eléctricas, instalacións industriais ou outras nas cales, principalmente, se require manter o terreo sen vexetación.

g) Campos de multiplicación: plantacións ou cultivos destinados á produción de sementes ou outro material de reprodución vexetal, xestionados por operadores dedicados a esta actividade.

h) Centros de recepción: recintos pechados das instalacións tales como centrais hortofrutícolas, almacéns, plantas de transformación ou outras, xestionadas por operadores secundarios, onde se acondicionan, envasan e distribúen producións agrícolas e forestais, onde normalmente se poden realizar tratamentos confinados en poscolleita, preembarque ou corentena, de vexetais e produtos vexetais, ou de desinfección de sementes ou outro material de reprodución vexetal.

2. As zonas a que se refiren as letras a) b) e c) do número anterior terán a consideración de zonas específicas e, como tales, a autoridade competente velará por que se minimice ou prohíba o uso de praguicidas, para o cal se adoptarán medidas adecuadas de xestión do risco e se concederá prioridade ao uso de produtos fitosanitarios de baixo risco.

3. Exclúense expresamente das disposicións deste capítulo a utilización de produtos fitosanitarios ou outros praguicidas no ámbito da produción agraria, así como os tratamentos fitosanitarios en almacén, os de sementes para sementeira ou de calquera outro material de reprodución vexetal, que realicen nas propias explotacións agrarias os agricultores ou que se realicen por conta destes.

#### Artigo 47. *Restricións xerais en ámbitos non agrarios.*

1. En todos os espazos e áreas comprendidos nos ámbitos referidos no artigo 46 quedan prohibidos, con carácter xeral para todas as clases de usuarios:

- a) Os tratamentos mediante aeronaves.
- b) Os tratamentos con produtos fitosanitarios preparados en forma de po mediante técnicas de aplicación por empoamento con asistencia pneumática, salvo o caso de tratamentos confinados en invernadoiros, almacéns ou outros espazos estancos.
- c) A utilización de produtos fitosanitarios, baixo condicións distintas ás que se establecen no presente real decreto, sen prexuízo das establecidas na autorización de cada produto fitosanitario.

Prohíbeselles aos usuarios non profesionais a utilización de produtos fitosanitarios, salvo nos usos concretos previstos no artigo 49 e coas restricións que se establecen nel.

#### Artigo 48. *Condicionamentos para os usos non profesionais.*

1. Os usuarios non profesionais poderán realizar tratamentos nos seguintes ámbitos e cos seguintes tipos de produtos:



a) En xardíns domésticos de exterior e hortas familiares, con produtos expresamente autorizados para uso non profesional nestes ámbitos, conforme os requisitos especificados no anexo VIII.

b) Na xardinaría doméstica de interior, con produtos envasados como aerosol ou noutros tipos de envase concibidos expresamente para a aplicación directa do seu contido, conforme os requisitos especificados no anexo VIII.

2. Sen prexuízo do disposto no Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, e no Regulamento CE nº 1272/2008, do 16 de decembro de 2008, relativo á clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, os envases unitarios de produtos fitosanitarios que se comercialicen para usuarios non profesionais non poderán exceder as seguintes capacidades:

a) Un litro, cando se trate de aerosois ou outros tipos de envases deseñados para aplicar directamente o produto fitosanitario xa diluído contido.

b) 500 g ou 500 ml para calquera outro tipo de preparados.

3. Os usuarios non profesionais deberán gardar os produtos fitosanitarios nun armario fóra do alcance dos nenos, preferentemente nun local onde estes non teñan acceso.

#### Artigo 49. *Condicionamentos xerais para os usos profesionais non agrarios.*

1. Nos ámbitos recollidos neste capítulo, salvo o previsto nos artigos 46.1.d) e 48, a aplicación de produtos fitosanitarios só a poderán realizar usuarios profesionais logo de asesoramento sobre a xestión integrada de pragas e a subscripción dun contrato conforme o artigo 41.2.c) da Lei, entre o interesado e o usuario profesional ou empresa que realice o tratamento, todo iso conforme os requisitos establecidos neste real decreto.

2. Non se require o asesoramento previsto no número 1 nos casos en que o interesado teña a condición de asesor ou teña adscrito ou contratado na súa institución ou empresa un técnico con nivel de asesor, que leve a cabo o correspondente asesoramento sobre a xestión integrada de pragas. Así mesmo, non se requirirá o contrato previsto no número 1 cando o interesado cumpra os requisitos de usuario profesional ou teña adscrita ou contratada unha persoa con tal condición e realice o tratamento cos seus propios medios. En tales casos o interesado ou o mencionado técnico deberá cumprir as obrigas que o presente real decreto establece para o asesor e o usuario profesional.

3. O asesoramento sobre a xestión integrada de pragas realizarase por petición do usuario profesional ou empresa que, se é o caso, deba realizar o tratamento, e deberá quedar reflectido detalladamente no «documento de asesoramento», asinado polo asesor que o realice. O documento de asesoramento, que quedará en poder do usuario profesional ou empresa peticionaria, deberá conter, polo menos, a información que figura no anexo IX.

4. Os produtos fitosanitarios que poden utilizar usuarios profesionais nos ámbitos referidos nas letras a), b), c) e d), do artigo 46.1 deberán cumprir os requisitos especificados no anexo VIII. Poderán utilizar tamén aquel outros produtos fitosanitarios que fosen expresamente autorizados para estes ámbitos, atendendo ás súas condicións específicas de utilización.

5. O usuario profesional ou empresa contratada, a que se refiren os números 1 e 4, redactará o plan de traballo para a realización do tratamento, de conformidade co documento de asesoramento, incluíndo os datos a que se refire o anexo X.

6. O plan de traballo poderá recoller, se é o caso, a necesidade de repetición do tratamento para un contratante así como a súa periodicidade, ou a realización do mesmo tratamento para varios contratantes nas mesmas datas.

7. Con polo menos 10 días hábiles de antelación ao comezo de cada tratamento, o usuario profesional ou empresa contratante solicitará ao órgano competente da

Administración local a autorización para realizalo, especificando que será un tratamento múltiple en caso de que o pretenda realizar para varios contratantes nas mesmas datas. Á solicitude xuntárase o plan de traballo, o documento ou documentos de asesoramento e o contrato ou contratos respectivos, conforme o expresado nos números 1, 5 e 6.

8. No caso de que o plan de traballo inclúa a necesidade de repetir o tratamento, o usuario profesional, ou empresa contratada, deberalle comunicar ao órgano competente da Administración local a data en que realizará a repetición, con polo menos 10 días hábiles de antelación.

9. A Administración competente, no prazo máximo de dous días contados desde o día seguinte ao de recepción da solicitude, deberá:

a) Informar os veciños do interesado, ou interesados, directamente ou a través da empresa de tratamentos que vaia realizar a aplicación, sobre o lugar e data de realización do tratamento obxecto da solicitude ou comunicación referidas no número 7, así como sobre a identificación dos produtos fitosanitarios que se van utilizar, co fin de posibilitar que dispoñan de tempo suficiente para adoptar as precaucións convenientes.

b) De ser o caso, notificarlle ao solicitante se no plan de traballo, ou por outra información, se apreciaron indicios fundados de risco ou de incumprimento do establecido neste artigo, determinantes da adopción dunha resolución denegatoria da solicitude, para os efectos de que poida emendar os defectos ou achegar información complementaria. O sentido do silencio administrativo será estimatorio.

10. Como excepción ao establecido neste artigo, non se require a presentación da solicitude a que se refiren os números 7 e 8 para:

a) Os tratamentos que se realicen nos centros de recepción, así como os tratamentos que se realicen en viveiros ou parcelas destinadas a producir material de reprodución vexetal situadas en áreas rurais. Non obstante, o usuario profesional responsable de realizalos deberá manter un arquivo dos correspondentes documentos referidos nos números 2, 5 e 6.

b) Os tratamentos que respondan a obrigas establecidas por normativas nacionais ou autonómicas, por se tratar de pragas de corentena ou outras pragas cuxo control sexa de interese social. Esta excepción non exime da obriga de realizar a comunicación prevista no números 7 e 8.

#### Artigo 50. *Condicionamentos específicos para os ámbitos non agrarios.*

1. Nos espazos utilizados polo público en xeral, o responsable da aplicación deberá:

a) Adoptar as medidas necesarias para evitar que se produza o acceso de terceiros, tanto durante a execución dos tratamentos como durante o período de tempo seguinte que se determinase necesario para cada caso.

b) Realizar os tratamentos en horarios en que a presenza de terceiros sexa improbable, salvo que se trate de xardíns cercados ou en que sexa posible establecer unha barreira sinalizada que advirta o público da prohibición do acceso á área comprendida dentro do perímetro sinalizado.

2. Nos espazos utilizados por grupos vulnerables, ademais de cumprir o especificado no número 1, requírese o coñecemento previo do director do centro afectado conforme o expresado no punto 1.a), para que poida adoptar as medidas preventivas que procedan. O director do centro, con polo menos 48 horas de antelación ao tratamento, poderá propor xustificadamente unha data ou hora máis apropiada.

3. Nos espazos de uso privado, sen prexuízo das restricións establecidas no artigo 47, atenderase ás condicións e requisitos especificados no contrato de tratamento e no plan de traballo, particularmente no que incumba ao interesado.

Non obstante, como excepción ao establecido no artigo 16, nos tratamentos que se realicen nos espazos de uso privado definidos no artigo 46.1.d), os interesados están

eximidos de levar o rexistro dos tratamentos fitosanitarios realizados, sen prexuízo da obriga de conservar os contratos de tratamento que realicen.

4. Nos espazos utilizados só por profesionais aplicaranse as seguintes condicións:

a) Os tratamentos nas redes de servizos, pola posibilidade de que os escorregamentos poidan confluír de forma abundante en certos puntos, co conseguinte risco de contaminación das augas superficiais ou subterráneas próximas, soamente se poderán realizar con produtos fitosanitarios autorizados para estes usos, naqueles casos ou tramos en que non sexa viable a utilización de medios mecánicos ou outros alternativos, e sempre en épocas en que sexa menos probable que se produzan chuvias.

O documento de asesoramento a que se refire o artigo 49.3 deberá incluír unha avaliación do impacto ambiental do tratamento que se pretenda realizar, atendendo ás condicións específicas de cada un dos tramos afectados.

b) Os tratamentos nos recintos das zonas industriais realizaranse con produtos fitosanitarios autorizados para estes usos, e poderanse programar para cada período anual, nas épocas en que sexa menos probable que se produzan chuvias, dous ou máis tratamentos que permitan cubrir o control dos axentes nocivos nas súas fases de desenvolvemento activo en caso de que as condicións agroclimáticas os determinen necesarios.

Nos casos en que o terreo estea asfaltado, formigonado ou cuberto doutro material impermeable, os tratamentos fitosanitarios reduciranse aos bordos e xuntas da cuberta do chan para evitar a contaminación das augas superficiais ou as da rede de sumidoiros por lavado e escorregamento.

c) Nos tratamentos realizados en campos de multiplicación poderanse utilizar produtos fitosanitarios autorizados para cultivos distintos das especies ou variedades en multiplicación, sempre e cando se especifiquen e xustifiquen no plan de traballo. Os operadores que xestionen os viveiros, ademais do mantemento do rexistro de tratamentos previsto no artigo 16.1, deberán manter dispoñible para os controis oficiais a documentación relativa ao proceso de selección dos produtos fitosanitarios utilizados.

d) Nos tratamentos fitosanitarios que se realicen nos centros de recepción sobre vexetais ou produtos vexetais destinados á alimentación humana ou animal, salvo que se dean as circunstancias previstas nos artigos 16 e 18.4 do Regulamento (CE) nº 396/2005 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de febreiro de 2005, relativo aos límites máximos de residuos de praguicidas en alimentos e pensos de orixe vexetal e animal e que modifica a Directiva 91/414/CEE do Consello, só se utilizarán produtos fitosanitarios autorizados especificamente para cada caso, conforme o condicionamento establecido na súa autorización. Esta condición non é aplicable cando os tratamentos realizados no centro sexan a sementes ou outro material de reprodución vexetal.

Os centros de recepción onde se realicen tratamentos por ducha ou por inmersión deberán dispor de sistemas que permitan a reutilización das dilucións de produtos fitosanitarios, na medida en que poidan manter a súa eficacia e demais propiedades, e dun contedor estanco de capacidade e material apropiados para recoller as lamas e restos das dilucións de refugo, sen prexuízo do requirido conforme o artigo 41.

#### Artigo 51. *Xestión dos envases baleiros e restos de produtos para usos non agrarios.*

1. Salvo aqueles casos en que os envases estean adscritos a un sistema específico de depósito, devolución e retorno:

a) Os envases destinados a usuarios non profesionais depositaranse, unha vez baleiros, nos correspondentes contedores do sistema integrado de xestión de envases para o ámbito urbano.

b) Os envases destinados aos usos profesionais, unha vez baleiros, manteranse conforme o establecido no artigo 41 e depositaranse nos contedores do sistema de xestión de envases industriais a que estean adheridos, se é o caso, ou entregaranse nos puntos previstos para o efecto para os residuos de envases de praguicidas de uso

agrícola. En calquera dos dous casos o usuario profesional levará un rexistro dos envases entregados ao sistema de xestión.

c) Nos casos previstos na letra b), os restos de produtos fitosanitarios deberán ser entregados a un xestor de residuos autorizado, conforme o establecido no artigo 41.

2. Ademais, os centros de recepción onde se realicen tratamentos deberán:

a) Manter un contrato cun xestor de residuos autorizado que cubra a xestión dos restos de produtos procedentes da limpeza de equipamentos e das dilucións desbotadas, e, de ser o caso, dos envases baleiros.

b) Levar un rexistro das cantidades producidas de tales residuos e das entregadas ao sistema de xestión.

3. O disposto neste artigo entenderase sen prexuízo do previsto no Real decreto 1416/2001, do 14 de decembro.

**Artigo 52. Controis oficiais en ámbitos non agrarios.**

Sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de controis sobre os produtos fitosanitarios e os residuos de praguicidas, as competencias en materia de controis oficiais nos ámbitos regulados neste capítulo corresponden aos órganos competentes das comunidades autónomas ou da Administración local, designados para o efecto.

## CAPÍTULO XII

### Réxime sancionador

**Artigo 53. Infraccións e sancións.**

En caso de incumprimento do previsto neste real decreto, será de aplicación, en función da materia, o réxime sancionador previsto na Lei 43/2002, do 20 de novembro, na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, na Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, na Lei 8/2010, do 31 de marzo, pola que se establece o réxime sancionador previsto nos regulamentos (CE) relativos ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e mesturas químicas (REACH) e sobre a clasificación, a etiquetaxe e o envasado de substancias e mesturas (CLP), que o modifica, ou no texto refundido da Lei de augas, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou ambientais que procedan.

**Disposición adicional primeira. Coordinación no ámbito das inspeccións periódicas dos equipamentos de maquinaria.**

A coordinación no ámbito do Real decreto 1702/2011, do 18 de novembro, de inspeccións periódicas dos equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios, realizarase no marco do Comité, que poderá ser asistido nesta materia polo Laboratorio Nacional de Referencia de Inspeccións de Equipamentos de Aplicación de Produtos Fitosanitarios previsto no citado real decreto.

**Disposición adicional segunda. Rexistro dos equipamentos de tratamento para usos non agrarios.**

1. Habilitarase unha sección especial no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) para inscribir os equipamentos de tratamento que se utilicen para a aplicación de produtos fitosanitarios, en ámbitos distintos da produción primaria agraria.

2. Os equipamentos de tratamentos fitosanitarios automotores arrastrados ou suspendidos que se utilicen exclusivamente para o uso profesional de produtos fitosanitarios, en ámbitos distintos da produción primaria agraria, inscribíranse na sección do ROMA a que se refire o número 1.

3. As comunidades autónomas poderán determinar, no seu ámbito territorial, a obrigatoriedade de inscrición doutros equipamentos de tratamentos fitosanitarios, distintos dos arrastrados e suspendidos, que se utilicen exclusivamente para o uso profesional de produtos fitosanitarios, en ámbitos distintos da produción primaria agraria.

4. A inscrición dos equipamentos de tratamento prevista nos números anteriores realizarase segundo o establecido para os equipamentos de tratamentos fitosanitarios no Real decreto 1013/2009, do 19 de xuño, sobre caracterización e rexistro da maquinaria agrícola.

Disposición adicional terceira. *Regulamento sancionador.*

No prazo máximo de dous anos, o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente elevará ao Consello de Ministros un proxecto de real decreto mediante o que establecerá o réxime de infraccións e sancións en materia de incumprimentos deste real decreto, en desenvolvemento dos réximes correspondentes previstos a que se refire o artigo 53.

Disposición adicional cuarta. *Normativa sobre seguridade e saúde no traballo.*

O disposto neste real decreto débese entender sen prexuízo das disposicións en materia de seguridade e saúde no traballo establecidas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e na súa normativa de desenvolvemento, en particular no Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo, e no Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores dos equipamentos de protección individual.

Disposición transitoria primeira. *Formación.*

1. Para os efectos previstos no artigo 17.1, os carnés expedidos en virtude da Orde do 8 de marzo de 1994, pola que se establece a normativa reguladora da homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, terán validez ata o 1 de xaneiro de 2016.

2. Para os efectos previstos no artigo 20.2, e ata que se establezan as disposicións para un sistema harmonizado de renovación que garanta a actualización da formación dos usuarios, as comunidades autónomas aplicarán o sistema de renovación aplicado para os carnés emitidos sobre a base da Orde do 8 de marzo de 1994.

3. Non obstante o establecido no artigo 20.4, os carnés poderanse expedir co formato recollido na Orde do 8 de marzo de 1994 ata 1 de xaneiro de 2014.

Disposición transitoria segunda. *Inscrición no Rexistro dos establecementos inscritos no anterior Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Praguicidas.*

Os establecementos inscritos no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Praguicidas na data de entrada en vigor deste real decreto, e que pola actividade que desenvolven deban estar inscritos no Rexistro, serán inscritos nel de oficio e quedarán enmarcados na sección do artigo 43.2 que lles corresponda.

Disposición transitoria terceira. *Habilitación de asesores.*

Non obstante o disposto no número 1 do artigo 12, o órgano competente da comunidade autónoma poderá outorgar, ata o 1 de xaneiro de 2015, a condición de

asesor aos titulados universitarios ou de formación profesional adecuada que poidan acreditar experiencia suficiente adquirida antes da dita data en tarefas de asesoramento de, polo menos, 4 anos, en estacións de avisos, empresas de tratamentos, asociacións para a defensa fitosanitaria produción integrada.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

De conformidade co establecido na disposición transitoria terceira da Lei 43/2002 e tendo en conta a adopción das normativas contidas no Regulamento (CE) 1107/2009, no Regulamento (CE) nº 396/2005 e no Real decreto 379/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento de almacenamento de produtos químicos e as súas instrucións técnicas complementarias, desde o momento de entrada en vigor do presente real decreto quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao disposto neste real decreto, no que se refire ao ámbito dos produtos fitosanitarios e, en particular, as seguintes disposicións:

1. A Orde do 24 de febreiro de 1993 pola que se establece a normativa reguladora do Libro oficial de movemento de praguicidas perigosos.
2. A Orde do 8 de marzo de 1994 pola que se establece a normativa reguladora da homologación dos cursos de capacitación para realizar os tratamentos con praguicidas.
3. A Orde do 24 de febreiro de 1993 pola que se normalizan a inscrición e o funcionamento do Rexistro de Establecementos e Servizos Praguicidas.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito comunitario.*

Mediante este real decreto trasponse ao dereito español a Directiva 2009/128/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, pola que se establece o marco de actuación comunitario para conseguir un uso sustentable dos praguicidas, con excepción do que se refire ao artigo 8 e ao anexo II.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1, regras 13.<sup>a</sup>, 16.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup>, da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de, respectivamente, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, bases e coordinación xeral da sanidade, e lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, no ámbito das súas competencias, para a modificación dos anexos ou das datas que se establecen co fin da súa adaptación á normativa comunitaria, así como para publicar as producións e tipos de explotacións de baixa utilización de produtos fitosanitarios, segundo o establecido no artigo 10.3, e os requisitos que deberá cumprir a documentación de asesoramento, segundo o establecido no artigo 11.2.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o artigo 10.1 no que se refire aos usos agrarios, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014.

Dado en Madrid o 14 de setembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

## ANEXO I

### Principios xerais da xestión integrada de pragas

1. A prevención ou a eliminación de organismos nocivos débese lograr ou propiciar, entre outras posibilidades, especialmente por:

- a) rotación dos cultivos,
- b) utilización de técnicas de cultivo adecuadas (por exemplo, técnica da falsa sementeira, datas e densidades de sementeira, dose de sementeira adecuada, mínima labra, poda e sementeira directa),
- c) utilización, cando proceda, de variedades resistentes ou tolerantes, así como de sementes e material de multiplicación normalizados ou certificados,
- d) utilización de prácticas de fertilización, emenda de solos e rega e drenaxe equilibradas,
- e) prevención da propagación de organismos nocivos mediante medidas profilácticas (por exemplo, limpando periodicamente a maquinaria e os equipamentos),
- f) protección e mellora dos organismos beneficiosos importantes, por exemplo con medidas fitosanitarias adecuadas ou utilizando infraestruturas ecolóxicas dentro e fóra dos lugares de produción e plantas reservorio.

2. Os organismos nocivos deben ser obxecto de seguimento mediante métodos e instrumentos adecuados, cando se dispoña deles. Estes instrumentos adecuados deben incluír, cando sexa posible, a realización de observacións sobre o terreo e sistemas de alerta, previsión e diagnóstico precoz, apoiados sobre bases científicas sólidas, así como as recomendacións de asesores profesionalmente cualificados.

3. Sobre a base dos resultados da vixilancia, os usuarios profesionais deberán decidir se aplican medidas fitosanitarias e en que momento. Un elemento esencial para tomar unha decisión é dispor de valores limiar seguros e cientificamente sólidos. Cando sexa posible, antes de efectuar os tratamentos deberanse ter en conta os niveis limiar dos organismos nocivos establecidos para a rexión, as zonas específicas, os cultivos e as condicións climáticas particulares.

4. Os métodos sustentables biolóxicos, físicos e outros non químicos deberanse preferir aos métodos químicos, sempre que permitan un control satisfactorio das pragas.

5. Os produtos fitosanitarios aplicados deberán ser tan específicos para o obxectivo como sexa posible, e deberán ter os menores efectos secundarios para a saúde humana, os organismos a que non se destinen e o ambiente.

6. Os usuarios profesionais deberán limitar a utilización de produtos fitosanitarios e outras formas de intervención aos niveis que sexan necesarios, por exemplo, mediante a redución das doses, da frecuencia de aplicación ou mediante aplicacións fraccionadas, tendo en conta que o nivel de risco que representan para a vexetación debe ser aceptable e que non incrementan o risco de desenvolvemento de resistencias nas poboacións de organismos nocivos.

7. Cando o risco de resistencia a unha medida fitosanitaria sexa coñecido e cando o nivel de organismos nocivos requira repetir a aplicación de produtos fitosanitarios nos cultivos, deberanse aplicar as estratexias dispoñibles contra a resistencia, co fin de manter a eficacia dos produtos. Isto poderá incluír a utilización de produtos fitosanitarios múltiples con distintos modos de acción.

8. Os usuarios profesionais deberán comprobar a eficacia das medidas fitosanitarias aplicadas sobre a base dos datos rexistrados sobre a utilización de produtos fitosanitarios e do seguimento dos organismos nocivos.

## ANEXO II

## Titulación habilitante

1. A titulación habilitante para exercer como asesor en xestión integrada de pragas comprende licenciaturas, enxeñarías superiores, enxeñarías técnicas, títulos de grao, máster ou terceiro ciclo, e títulos de formación profesional superior, que cumpran a condición de sumar no seu conxunto un mínimo de 40 ECTS (European Credit Transfer System), en materias relacionadas directamente coa produción vexetal, e en particular naquelas que, independentemente da denominación particular que reciban no plan de estudos correspondente, respondan de xeito inequívoco aos seguintes contidos:

- Edafoloxía.
- Fisioloxía vexetal.
- Botánica.
- Mellora vexetal.
- Fitotecnia.
- Cultivos herbáceos.
- Cultivos hortícolas.
- Cultivos leñosos.
- Silvicultura.
- Planificación xeral dos cultivos e aproveitamentos forestais.
- Avaliación de impacto ambiental.
- Mecanización agraria.
- Protección vexetal.
- Entomoloxía agrícola ou forestal.
- Patoloxía vexetal.
- Malherboloxía.
- Química agrícola.

Dos 40 ECTS previstos no parágrafo anterior, polo menos 12 corresponderán a materias que estean relacionadas directamente coa protección vexetal, e en particular aquelas que, independentemente da denominación particular que reciban no plan de estudos correspondente, respondan de xeito inequívoco aos seguintes contidos:

- Protección vexetal.
- Entomoloxía agrícola ou forestal.
- Patoloxía vexetal.
- Malherboloxía.
- Mecanización (maquinaria e equipamentos para a protección de cultivos).

2. Cumpren as condicións especificadas no punto 1 as seguintes titulacións oficiais con plans de estudo anteriores ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES):

- Enxeñeiro agrónomo,
- Enxeñeiro técnico agrícola,
- Enxeñeiro de montes,
- Enxeñeiro técnico forestal,
- Outras titulacións universitarias cuxos titulares poidan acreditar ter recibido formación equivalente á que se especifica no punto 1.

3. Cumpren, así mesmo, as condicións especificadas no punto 1 as seguintes titulacións de formación profesional:

- Técnico superior en Paisaxismo e Medio Rural,
- Técnico superior en Xestión Forestal e do Medio Natural,
- Outras titulacións de formación profesional superior cuxos titulares poidan acreditar ter recibido formación equivalente á que se especifica no punto 1.



## ANEXO III

### Rexistros dos tratamentos fitosanitarios

#### Parte I. Caderno de explotación

##### A. Información xeral:

###### 1. Datos xerais da explotación:

- a. Nome, enderezo da explotación e, de ser o caso, número de rexistro.
- b. Nome e apelidos e NIF do titular.
- c. De ser o caso, identificación do persoal propio con carné de usuario profesional ou que poida acreditar a condición de asesor.
- d. De ser o caso, agrupación ou entidade de asesoramento oficialmente recoñecida a que pertence.
- e. Se se encontra total ou parcialmente en zonas recollidas no artigo 35 do presente real decreto.
- f. As masas de auga que se utilicen para a captación de auga para consumo humano a que se refire o artigo 33.a), indicando, cando estean fóra da parcela, a distancia a elas.
- g. Os puntos de captación de auga para consumo humano a que se refire o artigo 33 b), indicando, cando estean fóra da parcela, a distancia a eles.
- h. Para cada equipamento de aplicación propio da explotación, indíquese a data de adquisición ou a data da última inspección e, cando proceda, o número de inscrición no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola, ou número de referencia no censo correspondente, de ser o caso (por exemplo, para equipamentos fixos).

###### 2. Identificación das parcelas:

Comprende unha relación das parcelas da explotación, especificando para cada unha delas:

- a. Número de identificación (o número de orde correlativo que se lle asigne dentro da explotación).
- b. Referencia SIXPAC.
- c. Superficie, expresada en hectáreas.
- d. Uso SIXPAC. Aproveitamento (forestal, pastos, cultivo), indicando, en caso dos cultivos leñosos, a especie e a variedade.
- e. Sistema de cultivo: secaño ou regadío (indicando, de ser o caso, o sistema de rega); ao aire libre ou protexido (indicando, se é o caso, o tipo de protección).
- f. Se a produción está baixo algún sistema de certificación, concretando, de ser o caso, a que marco de control de pragas se acolle dos previstos no artigo 10 deste real decreto.

##### B. Información de tratamentos fitosanitarios:

Para cada tratamento que se realice na explotación, tanto sexa por persoal propio ou como servizo contratado, especifíquese a información seguinte:

- a. Data de tratamento.
- b. Número de identificación da parcela ou, de ser o caso, local ou medio de transporte tratado.
- c. Praga que se controlará.
- d. Identificación do aplicador e, de ser o caso, do asesor.
- e. Cultivo, indicando especie e variedade. Se é cultivo herbáceo e a sementeira se realiza con semente tratada, indíquese o produto utilizado.
- f. Superficie tratada expresada en hectáreas. Nos casos en que proceda, como tratamento de locais, o volume tratado expresado en metros cúbicos.
- g. Produto fitosanitario aplicado (nome comercial e número de rexistro).

- h. Identificación da máquina ou equipamento de tratamento empregado, indicando cando proceda o número de rexistro.
- i. Quilogramos ou litros do produto fitosanitario utilizados no tratamento.
- j. Valoración da eficacia do tratamento.
- k. Outras observacións pertinentes.

## Parte II. *Rexistro de tratamentos*

- A. Información xeral:
  - 1. Datos xerais.
    - a. Nome e apelidos ou razón social, enderezo da persoa ou entidade, NIF e, de ser o caso, número de rexistro.
    - b. Actividade cuxo desenvolvemento require o uso de produtos fitosanitarios.
  - 2. Persoal cualificado e equipamentos de tratamento.
    - a. Identificación do persoal propio asesor ou con carné de usuario profesional (especificívese o número de alta no Rexistro ou nivel de formación, segundo o caso).
    - b. De ser o caso, usuario profesional ou empresa de tratamentos con quen teña un contrato para realizar os tratamentos, indicando o nivel de formación ou o número de inscrición no Rexistro, segundo proceda.
    - c. Para cada equipamento de aplicación propio, indíquese a data de adquisición, data de última inspección e, cando proceda, número de inscrición no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola, ou número de referencia no censo correspondente, de ser o caso.
  - 3. Identificación dos obxectos de tratamento e dos ámbitos a que corresponden:
    - a. Especificívese para cada un deles se se trata de parques ou xardíns, campos de deporte, zonas industriais, centros de recepción de froitas e hortalizas, centros de produción de sementes tratadas, campos de multiplicación de variedades, vías férreas ou outras redes de servizos, medios de transporte ou outros.
    - b. Referencia SIXPAC. En caso de non estar reflectido no SIXPAC, utilívese referencias catastrais.
    - c. Superficie, expresada en hectáreas.
    - d. Aproveitamento (recreativo, industrial etc.).
    - e. En caso de que exista instalación de rega, o sistema de rega.
    - f. Se está comprendida nunha zona das recollidas no artigo 33.
    - g. As masas de auga que se utilicen para a captación de auga para consumo humano a que se refire o artigo 33.a), indicando cando estean fóra do ámbito tratado a distancia a este.
    - h. Os puntos de captación de auga para consumo humano a que se refire o artigo 33.b), indicando cando estean fóra do ámbito tratado a distancia a este.
- B. Información de tratamentos fitosanitarios.

Para cada tratamento que se realice, tanto sexa por persoal propio ou como servizo contratado, especificívese a información seguinte:

  - a. Data do tratamento.
  - b. Lugar en que se realiza (parcela, local, vía ou conducción e tramo desta etc.).
  - c. Vexetación ou especie vexetal tratada, e praga ou enfermidade obxecto de tratamento, de ser o caso.
  - d. Superficie tratada, expresada en metros cadrados ou, no caso de locais e similares, en metros cúbicos.
  - e. Produto fitosanitario aplicado (nome comercial e número de rexistro).
  - f. Identificación da máquina de tratamento empregada, indicando cando proceda o número de rexistro.
  - g. Quilogramos ou litros do produto fitosanitario utilizados no tratamento.

h. Identificación do usuario profesional ou empresa de tratamentos que realiza a aplicación, indicando o tipo de carné ou, no caso do asesor, o número de inscrición no ROPO.

i. Valoración da eficacia do tratamento.

#### ANEXO IV

##### Materias de formación

###### *Parte A: nivel básico (horas lectivas: mínimo 25 h)*

1. Pragas dos cultivos: clasificación e descrición.
2. Produtos fitosanitarios: clasificación e descrición. Importancia e contido das etiquetas e das fichas de datos de seguridade: clasificación e etiquetaxe. Pictogramas, palabras de advertencia, frases de risco ou indicacións de perigo, consellos de prudencia, síntomas de intoxicación e recomendacións para o usuario. Casos prácticos.
3. Riscos derivados da utilización de produtos fitosanitarios para o ambiente. Medidas para reducir os ditos riscos, incluíndo medidas de emerxencia en caso de contaminacións accidentais. Boas prácticas ambientais en relación coa preservación dos recursos naturais, biodiversidade, flora e fauna. Protección e medidas especiais establecidas na Directiva marco da auga (Directiva 2000/60/CE). Eliminación de envases baleiros. Casos prácticos.
4. Perigosidade dos produtos fitosanitarios para a saúde das persoas:
  - Riscos para o consumidor por residuos de produtos fitosanitarios. Maneira de evitalos e medidas de emerxencia en caso de contaminacións accidentais. Concepto de seguridade alimentaria.
  - Riscos para a poboación en xeral.
  - Riscos para o aplicador: intoxicacións e outros efectos sobre a saúde. Prácticas de primeiros auxilios.
  - Estruturas de vixilancia sanitaria e dispoñibilidade de acceso para informar sobre calquera incidente ou sospeita de incidente.
5. Medidas para reducir os riscos sobre a saúde: niveis de exposición do operario. Posibles riscos derivados de realizar mesturas de produtos. Medidas preventivas e de protección do aplicador. Equipamentos de protección individual.
6. Prácticas de identificación e utilización dos EPI.
7. Secuencia correcta durante o transporte, almacenamento e manipulación dos produtos fitosanitarios.
8. Métodos de control de pragas, incluíndo os métodos alternativos. Tratamentos fitosanitarios. Preparación, mestura e aplicación.
9. Métodos de aplicación de produtos fitosanitarios. Factores que cómpre ter en conta para unha aplicación eficiente e correcta.
10. Equipamentos de aplicación: descrición e funcionamento.
11. Limpeza, mantemento e inspeccións periódicas dos equipamentos.
12. Prácticas de aplicación de tratamento fitosanitario.
13. Relación traballo-saúde: normativa sobre prevención de riscos laborais.
14. Métodos para identificar os produtos fitosanitarios ilegais e riscos asociados ao seu uso. Infraccións, sancións e delitos.

###### *Parte B: nivel cualificado (horas lectivas: mínimo 60 h)*

1. Pragas dos cultivos: clasificación, descrición e danos que producen.
2. Métodos de control de pragas. Importancia dos métodos non químicos. Medios de protección fitosanitaria.
3. Estratexias e técnicas para a xestión integrada de pragas. Control biolóxico e outras técnicas alternativas para o control de pragas en distintos cultivos. Principios xerais

da xestión integrada de pragas. Toma de decisións en protección fitosanitaria e iniciación á avaliación comparativa. Prácticas de identificación de pragas e de organismos de control biolóxico e o seu manexo.

4. Producción integrada e produción ecolóxica.
5. Produtos fitosanitarios: substancias activas e preparados comerciais. Descrición e clasificación. Elección de produtos fitosanitarios. Identificación e interpretación das etiquetas e das fichas de datos de seguridade: Clasificación e etiquetaxe. Pictogramas, palabras de advertencia, frases de risco ou indicacións de perigo, consellos de prudencia, síntomas de intoxicación e recomendacións para o usuario. Casos prácticos.
6. Riscos derivados da utilización de produtos fitosanitarios para o ambiente. Medidas para reducir os ditos riscos, incluíndo medidas de emerxencia en caso de contaminacións accidentais. Boas prácticas ambientais en relación coa preservación dos recursos naturais, biodiversidade, flora e fauna. Protección e medidas especiais establecidas na Directiva marco da auga (Directiva 2000/60/CE). Casos prácticos.
7. Perigosidade dos produtos fitosanitarios para a saúde das persoas:
  - Riscos para o consumidor por residuos de produtos fitosanitarios. Maneira de evitalos e medidas de emerxencia en caso de contaminacións accidentais. Concepto de seguridade alimentaria e alerta sanitaria.
  - Riscos para a poboación en xeral e os grupos vulnerables.
  - Riscos para o aplicador: intoxicacións e outros efectos sobre a saúde. Vixilancia sanitaria da poboación exposta a praguicidas. Prácticas de primeiros auxilios.
  - Estruturas de vixilancia sanitaria e dispoñibilidade de acceso para informar sobre calquera incidente ou sospeita de incidente.
8. Medidas para reducir os riscos sobre a saúde: niveis de exposición do operario. Posibles riscos derivados de realizar mesturas de produtos. Medidas preventivas e de protección do aplicador. Equipamentos de protección individual.
9. Prácticas de identificación e utilización dos EPI.
10. Secuencia correcta durante o transporte, almacenamento e manipulación dos produtos fitosanitarios.
11. Tratamentos fitosanitarios. Preparación, mestura e aplicación.
12. Métodos de aplicación de produtos fitosanitarios. Factores que se terán en conta para unha eficiente e correcta aplicación. Importancia da dosificación e dos volumes de aplicación. Casos prácticos.
13. Equipamentos de aplicación: descrición e funcionamento.
14. Limpeza, regulación e calibración dos equipamentos.
15. Mantemento, revisións e inspeccións periódicas dos equipamentos.
16. Prácticas de revisión e calibración de equipamentos. Riscos relacionados co uso de equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios.
17. Prácticas de aplicación de tratamento fitosanitarios.
18. Eliminación de envases baleiros. Sistemas de xestión. Normativa.
19. Rastrexabilidade. Requisitos en materia de hixiene dos alimentos e dos pensos. Rexistro de pragas e de tratamentos nas explotacións agrarias. O caderno de explotación.
20. Relación traballo-saúde: normativa sobre prevención de riscos laborais.
21. Seguridade social agraria.
22. Normativa que afecta a utilización de PF: compra, transporte e almacenamento. Autorización e rexistro de produtos fitosanitarios, e medida en que afecta a súa utilización.
23. Métodos para identificar os produtos fitosanitarios ilegais e riscos asociados ao seu uso. Infraccións, sancións e delitos.

*Parte C: fumigador (horas lectivas: mínimo 25 h)*

1. Problemáticas fitosanitarias:
  - a. Dos solos agrícolas.
  - b. Dos produtos vexetais almacenados.

- c. Dos locais e instalacións agrícolas.
  - d. Dos medios de transporte e utensilios agrícolas.
  - e. Das plantas vivas e material vexetativo.
  - f. Dos cultivos en ambiente confinado.
2. Propiedades, modos e espectro de acción dos fumigantes.
  3. Transporte, almacenamento e manipulación de fumigantes.
  4. Factores que se considerarán na aplicación dos distintos fumigantes.
  5. Técnicas e equipamentos de fumigación.
  6. Mantemento, regulación, calibración, revisión e inspección dos equipamentos.
  7. Perigosidade e riscos específicos para a saúde. Primeiros auxilios.
  8. Detectores de gases, máscaras, filtros e outros elementos de seguridade.
  9. Mantemento dos elementos e equipamentos de seguridade.
  10. Principios da rastrexabilidade. Requisitos en materia de hixiene dos alimentos e dos pensos.
  11. Seguridade social agraria.
  12. Boa práctica fitosanitaria.
  13. Interpretación da etiquetaxe e das fichas de seguridade.
  14. Planificación das fumigacións: aspectos que se deben considerar.
  15. Preparación e sinalización das mercadorías, recintos e zonas que se van fumigar.
  16. Lexislación específica sobre fumigantes e a súa aplicación. Métodos para identificar os produtos fitosanitarios ilegais e riscos asociados ao seu uso.
  17. Prácticas de fumigación.
  18. Exercicios de desenvolvemento de casos prácticos.

*Parte D: piloto aplicador (horas lectivas: mínimo 90 h)*

1. Xeneralidades de protección vexetal.
  2. Produtos fitosanitarios: clasificación e características dos diferentes grupos.
  3. Formulacións de produtos fitosanitarios: natureza e características.
  4. Medios e equipamentos de aplicación aérea (I): instalacións fixas nos diferentes tipos de aeronaves. Equipamentos para as distintas técnicas de aplicación.
  5. Medios e equipamentos de aplicación (II): funcionamento, regulación, mantemento e calibración de equipamentos. Caracterización da aeronave.
  6. Técnicas de aplicación aérea de pequenos e medios volumes: ULV, pulverización, empouamento e espaxemento.
  7. Técnicas de aplicación aérea de grandes volumes e compactas.
  8. Meteoroloxía aplicada á actividade fitosanitaria. Biometeoroloxía.
  9. Planificación de tratamentos agroforestais: avaliación previa, obstáculos ao voo a baixa cota e plan de voo.
  10. Pistas e helipistas agroforestais: características e condicións, instalacións, equipamentos, medios auxiliares para aprovisionamentos e refugo de envases baleiros.
  11. Riscos para o ambiente derivados da utilización dos produtos fitosanitarios: perigosidade para a fauna silvestre e o gando, fitotoxicidade e contaminación de solos e augas. Métodos para identificar os produtos fitosanitarios ilegais e riscos asociados ao seu uso.
  12. Control da contaminación. Técnicas especiais antideriva.
  13. Riscos derivados da utilización dos produtos fitosanitarios para a saúde das persoas: toxicoloxía, intoxicacións e primeiros auxilios.
- Clasificación e etiquetaxe. Pictogramas, palabras de advertencia, frases de risco ou indicacións de perigo, consellos de prudencia, síntomas de intoxicación e recomendacións para o usuario.
- Estruturas de vixilancia sanitaria e dispoñibilidade de acceso para informar sobre calquera incidente ou sospeita de incidente.

14. Os residuos de produtos fitosanitarios: disipación do residuo, prazos de seguridade e os LMR en produtos vexetais e augas prepotables.
15. Seguridade e hixiene. Saúde laboral.
16. Normativa legal.
17. Exercicios prácticos.

## ANEXO V

### Carnés para utilización de produtos fitosanitarios

Os carnés para a utilización de produtos fitosanitarios cumprirán as seguintes especificacións:

1. Os carnés axustaranse ás dimensións establecidas para o modelo ID1 da norma ISO/IEC 7810, serán de cor amarela alaranxada co texto en cor negra.
2. A parte superior do carné terá unha franxa de cor negra co texto en cor branca; sobre esta franxa figurarán, no anverso, os datos correspondentes á comunidade autónoma e ao órgano competente.
3. No anverso aparecerá, na orde que se enumera, a seguinte información:
  - Denominación da comunidade autónoma e do órgano competente, coa súa identidade corporativa.
  - A frase «USUARIO PROFESIONAL DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS».
  - Nivel de capacitación a que corresponde (básico, cualificado, fumigador ou piloto).
  - Nome, apelidos e DNI.
  - Lugar e data de expedición, órgano competente que o expide e sinatura.
  - Período de validez.
4. No reverso aparecerá, na orde que se enumera, a seguinte información:
  - Relación de actividades para as cales capacita a posesión do carné.
  - Disposicións que regulan a súa concesión (o presente real decreto e as específicas da comunidade autónoma en que se expide).

## ANEXO VI

### Condicións xerais para a realización das aplicacións aéreas

1. Director de tratamento.

Designarase un director de tratamento cuxa función será velar por que se cumpra o establecido no plan de aplicación. O director de tratamento deberá estar en posesión de titulación universitaria habilitante segundo o establecido no artigo 13.

2. Empresa de tratamentos aéreos.

Sen prexuízo da normativa vixente en materia de aviación civil e comercial que deben cumprir as empresas que efectúen tratamentos fitosanitarios con medios aéreos, exixirase que a empresa estea inscrita na correspondente sección do Rexistro da comunidade autónoma onde se encontre o domicilio social da empresa.

As empresas deberán ter en vigor, no momento de efectuar os tratamentos, as correspondentes pólizas de seguros de responsabilidade civil e química das aeronaves.

3. Aeronaves para o tratamento.

Sen prexuízo da normativa existente en materia de aviación civil e comercial que deben cumprir as aeronaves para tratamentos fitosanitarios, ademais dos correspondentes certificados de estaren en perfectas condicións de voo e teren pasado as revisións pertinentes, exixirase o seguinte:

– Iren provistas de emisora terra-aire, cun equipamento completo para transmitir e recibir desde o posto de control en terra, sendo imprescindible a conexión permanente entre o piloto e o persoal de terra. Estes equipamentos revisaranse diariamente para comprobar o seu correcto funcionamento.

– Iren provistas de sistemas de posicionamento global (GPS) que contén cun servizo de corrección diferencial en tempo real correctamente configurado (DGPS), así como todos os equipamentos necesarios que se deben instalar nos avións que permitan planificar previamente os voos e discriminar zonas por tratar das que non son obxectivo do tratamento, así como a determinación de zonas de seguridade por diferentes causas (cultivos ecolóxicos, canles de auga, espazos de especial protección ambiental etc.).

– Iren provistas de sistemas coa suficiente capacidade de almacenamento de datos para gravar os datos dos tratamentos efectuados (dose, pasadas de tratamentos etc.), e gardar esta información xeorreferenciada en UTM (preferentemente formato «shapefile») durante un período mínimo de 3 anos, que estará á disposición do órgano competente en caso de inspección.

– Iren provistas de equipamentos que permitan controlar a dosificación do produto aplicado (tipo «flowmeter»).

#### 4. Equipamentos de aplicación de fitosanitarios.

Os equipamentos de aplicación terán que estar en cada momento en perfectas condicións de funcionamento e mantemento e correctamente calibrados, para garantir unhas dosificacións exactas. Estes equipamentos deberán ter pasado a inspección técnica establecida na normativa correspondente.

#### 5. Persoal.

Sen prexuízo da normativa existente en materia de aviación civil e comercial que deben cumprir os pilotos, todo o persoal, máis aquel que se encargue das funcións de carga dos avións e a manipulación dos produtos fitosanitarios, deberá ter a capacitación adecuada para aplicación e manipulación destes produtos que estableza a normativa en vigor, capacitación que deberá estar acorde coa súa responsabilidade no tratamento e coa toxicidade dos produtos empregados. O persoal deberá estar en disposición de acreditar a dita capacitación na propia pista de tratamentos ante o órgano competente.

En todo tratamento fitosanitario por medios aéreos, na zona de carga das aeronaves, o persoal estará composto como mínimo por unha persoa titular do carné de usuario profesional de produtos fitosanitarios de nivel básico e polo piloto, que será titular do carné de usuario profesional de produtos fitosanitarios de nivel piloto agroforestal.

Así mesmo, en cumprimento da normativa vixente en prevención de riscos laborais, todo o persoal participante nos tratamentos fitosanitarios levará o correspondente equipamento de protección individual, cuxa composición dependerá do grao de implicación e actuacións que levará a cabo cada unha das persoas actuantes dentro do conxunto de operacións de que consta o tratamento fitosanitario.

#### 6. Realización do tratamento.

Os tratamentos realizaranse seguindo as condicións establecidas no plan de aplicación autorizado polo órgano competente.

Diariamente, antes do inicio do tratamento, é dicir, antes da carga do produto fitosanitario, deberase comprobar que todos os equipamentos de aplicación de fitosanitarios e de posicionamento global funcionan adecuadamente, sen que existan fugas nin un mal funcionamento dos aparellos.

Non se aplicarán produtos fitosanitarios por medios aéreos sobre núcleos urbanos ou masas de auga (ríos, lagoas ou encoros), asentamentos apícolas nin cultivos ecolóxicos non obxecto de tratamento, e deixarase ao seu arredor unha franxa de seguridade mínima de 100 m metros na cal non se poderá realizar ningún tratamento por medios aéreos. En casos debidamente xustificadas no plan de aplicación autorizado polo órgano competente, esta distancia poderíase reducir.

En caso de que durante o transcurso da aplicación xurda algún problema mecánico ou técnico que condicione o correcto tratamento deberase volver á zona de carga das aeronaves, e interromperanse os tratamentos ata que os ditos problemas sexan emendados.

A altura de voo e a velocidade de traballo estarán condicionadas polo tipo de aplicación, o cultivo que se trate e a aeronave que se utilice. Os ditos parámetros deberanse axustar, dentro do que a seguridade permita, a uns valores que posibiliten unha óptima distribución do produto, e deberase ter especial consideración deles conforme se incremente o risco de deriva.

Nos camiños e vías de acceso á zona de carga e de tratamento instalaranse sinais específicos que advirtan da realización de tratamentos aéreos con produtos fitosanitarios. Estes sinais manteranse ata a finalización dos tratamentos.

O tratamento realizarase sempre de acordo coas boas prácticas de tratamentos aéreos establecidas a nivel internacional ou nacional, e en condicións meteorolóxicas adecuadas, de maneira que, en caso de empeoraren estas de xeito significativo, se suspenderá o tratamento ata que se restablezan as condicións adecuadas. Por esta razón, deberanse consultar as previsións meteorolóxicas da zona antes do tratamento.

A empresa aplicadora velará por que a zona de carga de aeronaves quede libre de verduras e material orixinado no desenvolvemento dos tratamentos, e será responsable do estado en que quede a dita zona.

#### 7. Control dos traballos.

Por cada xornada de aplicación deberase cubrir un documento acreditativo dos voos realizados, que se entregará ao director do tratamento fitosanitario. O dito documento deberá conter como mínimo os seguintes datos:

Empresa que realiza o tratamento.

Matrícula da/s aeronave/s.

Identificación do piloto/s.

Data, hora de inicio e de finalización de cada voo.

Pista desde a cal se realizan os tratamentos.

Produto fitosanitario empregado: nome comercial, número de rexistro e dose aplicada.

Volumen de caldo (litros) aplicado.

Superficie tratada (de forma aproximada).

Prazos de seguridade.

Documentación pertinente relativa á Información xeorreferenciada en UTM (preferentemente formato «shapefile») dos datos dos tratamentos efectuados, tales como doses ou pasadas de tratamentos.

Incidencias no desenvolvemento dos tratamentos.

Estes documentos deberanse gardar, polo menos, durante 3 anos nos arquivos da empresa que realice os tratamentos.

## ANEXO VII

### Contido dos plans de aplicacións aéreas

- Solicitante/s da aplicación aérea ou, no caso de tratamentos oficiais, organismo da Administración que o promove.
- Director do tratamento.
- Compañía aérea que realiza as aplicacións.
- Cultivo que se vai tratar.
- Organismos nocivos obxecto de tratamento.
- Produtos fitosanitarios que se utilizarán (nome comercial e número de rexistro).
- Dosificación (cantidade de produto comercial por ha).
- Dose de aplicación (cantidade total de caldo por ha).



- Zona de tratamento (municipios) e superficie tratada/protexida.
- Identificación das pistas utilizadas para a realización dos tratamentos e autorización por parte dos seus propietarios en caso de que non sexa a propia empresa de aplicación.
- Datos de tratamento.
- Memoria xustificativa sobre a inviabilidade de realizar o control da praga por outros medios ou, se é o caso, das vantaxes que representa a aplicación aérea desde o punto de vista de saúde humana, residuos, económico, ambiental ou eficacia en canto á reinfestación con respecto a outras alternativas.
- Información gráfica da zona que se vai tratar, que incluírá mapas, polo menos a escala 1:25.000, e unha base de datos en formato electrónico na cal se indiquen as referencias SIXPAC de cada un dos recintos obxecto da aplicación, así como os titulares dos cultivos deles. Identificaranse tamén as zonas de exclusión enclavadas na zona de tratamento, como poden ser parcelas destinadas á agricultura ecolóxica, espazos naturais protexidos, cursos de auga, núcleos poboados ou parcelas destinadas ao mesmo cultivo de que é obxecto a aplicación e non incluídas na solicitude. Representarase a banda de seguridade mínima a que se refire o número 6 do anexo VI.
- En caso de que a pulverización aérea estea aberta a zonas abertas ao público, deberase incluír unha descrición das medidas específicas de xestión do risco co obxecto de velar por que non se produzan efectos adversos na saúde dos circundantes.
- En caso de pulverizacións colectivas deberase solicitar a autorización expresa de cada un dos agricultores titulares dos cultivos obxecto da solicitude ou do representante legal da entidade que os agrupe, de ser o caso, salvo que as aplicacións sexan declaradas obrigatorias e de utilidade pública.
- Certificado de inscrición da empresa de aplicación no Rexistro da comunidade autónoma onde radique a súa sede social, así como copia das correspondentes pólizas de seguros de responsabilidade civil e química das aeronaves.
- Detalle das medidas que se aplicarán para a información sobre a realización de aplicacións aéreas a outros interesados, tales como concellos, asociacións agrarias, oficinas comarcais ou apicultores.
- Calquera outra información que sexa imprescindible para garantir a correcta aplicación aérea de produtos fitosanitarios e mitigar os posibles riscos sobre a saúde humana e o ambiente.

## ANEXO VIII

### Requisitos básicos dos produtos fitosanitarios utilizables nos ámbitos descritos nas letras a), b), c) e d) do artigo 46.1

#### 1. Para usuarios non profesionais:

Salvo que se admita expresamente na súa autorización, só poderán utilizar os produtos fitosanitarios que non estean clasificados como se indica a continuación:

a) Se a clasificación se realizou de conformidade co Regulamento (CE) nº 1272/2008, do 16 de decembro, non se comercializarán produtos fitosanitarios clasificados como explosivos nin aqueles a que se asignase na etiqueta algunha das seguintes indicacións de perigo:

- Gas (H220), aerosol (H222), ou líquido e vapores (H224) extremadamente inflamables.
- Perigo de incendio en caso de quentamento (H242).
- Pode provocar ou agravar un incendio; comburente (H270), para gases.
- Pode provocar un incendio ou unha explosión; moi comburente (H271), para líquidos ou sólidos.
- Mortal ou tóxico en caso de ingestión (H300 ou H301), en contacto coa pel (H310 ou H311) ou en caso de inhalación (H330 ou H331).
- Tóxico en contacto cos ollos (EUH070).

- En contacto con ácidos libera gases moi tóxicos (EUH032) ou tóxicos (EUH031).
- Pode provocar unha reacción alérxica na pel (H317) ou síntomas de alerxia ou asma ou dificultades respiratorias en caso de inhalación (H334).
- Provoca (H370) ou pode provocar (H371) danos nos órganos.
- Provoca (H372) ou pode provocar (H373) danos nos órganos tras exposicións prolongadas ou repetidas.
- Pode provocar (H350) ou sospéitase que provoca (H351) cancro.
- Pode provocar (H340) ou sospéitase que provoca (H341) defectos xenéticos.
- Pode prexudicar (H360F) ou sospéitase que prexudica (H361f) a fertilidade.
- Pode danar (H360D) ou sospéitase que dana (H361d) o feto.
- Pode irritar as vías respiratorias (H335).
- Provoca lesións oculares graves (H318).

b) Se a clasificación se realizou conforme o Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, non poderán utilizar produtos fitosanitarios clasificados como extremadamente inflamables (F+), comburentes (O), explosivos, tóxicos (T) ou moi tóxicos (T+), nin aqueles a que se asignase na etiqueta algunha das seguintes frases de risco para a saúde:

- En contacto con ácidos libera gases moi tóxicos (R32), ou tóxicos (R31).
- Posibilidade de sensibilización en contacto coa pel (R43), ou por inhalación (R42).
- Risco de efectos graves para a saúde en caso de exposición prolongada (R48).
- Posibles efectos canceríxenos (R40).
- Posibilidade de efectos irreversibles (R68).
- Posible risco de prexudicar a fertilidade (R62).
- Posible risco durante o embarazo de efectos adversos para o feto (R63).
- Irrita as vías respiratorias (R37).
- Risco de lesións oculares graves (R41).

c) No poderán utilizar produtos fitosanitarios a que se asignase na etiqueta a seguinte frase de risco, en cumprimento coa Orde PRE/3297/2004, do 13 de outubro:

- Tóxico en contacto cos ollos (RSh1).

d) No poderán utilizar produtos fitosanitarios con propiedades de alteración endócrina.

Cando os produtos fitosanitarios para uso non profesional se poidan confundir con bebidas ou outros produtos para inxestión humana ou animal, deberán conter substancias amargas, odorantes ou outras que, polas súas características, advirten dos riscos da súa inxestión.

1. Para usuarios profesionais:

a) Salvo que se admita expresamente, só poderán utilizar os produtos fitosanitarios que non requiran ser clasificados polas súas propiedades toxicolóxicas como se describe no número 1.

b) Poderán utilizar os especificados para usuarios non profesionais, en envases de capacidade superior ao establecido no artigo 48.2.

c) Para os produtos fitosanitarios aplicados en zonas específicas darase preferencia ás técnicas de aplicación máis eficientes, como o uso de equipamentos de aplicación de baixa deriva.

## ANEXO IX

### Contido mínimo do documento de asesoramento para usos non agrarios

a) Descrición sucinta da área ou recinto, das especies vexetais ou os seus produtos existentes e do seu estado fitosanitario, valorando se a natureza da praga ou pragas e a

súa abundancia xustifican a necesidade de tratamento e, de ser o caso, se é viable o seu control con métodos ou medios distintos dos produtos fitosanitarios de natureza química.

b) Valoración dos riscos inherentes a un tratamento fitosanitario, tanto pola deriva aérea como por persistencia, lixiviación ou escorremento ou drenaxe, así como polos seus efectos sobre as especies non obxectivo do tratamento, e a consideración das restricións xerais establecidas no artigo 47 e das específicas que correspondan das que se establecen no artigo 50 para cada un dos ámbitos previstos.

c) De ser o caso, a prescrición do tratamento ou tratamentos que se deban realizar, especificando o produto ou produtos fitosanitarios máis axeitados e as súas posibles alternativas, coas súas respectivas consideracións sobre as doses e as técnicas ou tipos de equipamentos de aplicación que se van utilizar.

d) Consideracións que se observarán no plan de traballo para a realización do tratamento, conforme o contido dos puntos a), b) e c) anteriores, incluíndo as precaucións que se deban adoptar para previr os riscos derivados da perigosidade do produto fitosanitario que se vai aplicar e demais riscos identificados. Prestarase especial atención ao tipo público que poida entrar en contacto co produto e, cando proceda, á sinalización da zona e aos prazos de reentrada.

e) A forma en que se deu prioridade, na medida en que estean dispoñibles, á utilización de produtos fitosanitarios de baixo risco conforme o definido no Regulamento (CE) 1107/2009, do 21 de outubro de 2009, e ás medidas de control biolóxico nos espazos utilizados polo público en xeral ou por grupos vulnerables.

## ANEXO X

### Contido do plan de traballo para usos non agrarios

a) Os datos identificativos do interesado contratante e do contratado, así como os do asesor e do documento de asesoramento.

b) Datos da área ou recinto onde se deba realizar o tratamento e a data prevista para realizalo.

c) A data ou datas en que se debe realizar o tratamento.

d) Os vexetais ou produtos vexetais ou outro obxecto del.

e) O produto ou produtos que se aplicarán.

f) A dose, técnica de aplicación e demais condicións de uso.

g) Todas as precaucións que se deban observar, tendo en conta o expresado nas letras b) e c) e a etiquetaxe de cada produto fitosanitario.

h) O prazo ou prazos de espera para acceder aos espazos ou recintos tratados.

i) Sinalización da zona de tratamento, se procede.